

# UN CAMIÑO DE FUTURO



**Interreg**  
España - Portugal



Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional  
Fundo Europeu de Desenvolvemento Regional



**EIXO ATLÁNTICO**  
DO NOROESTE PENINSULAR

*Edición: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.*

*Dirección: Xoán Vázquez Mao.*

*Ilustración: Norberto Fernández e Daniel Docampo.*

*Redacción e Coordinación: Departamento de Programas e Cooperación.*

*Impresión: Sgraf Artes Gráficas, S.L.*

*Tradución: Claudia Iglesias.*

*Ano de edición: 2020.*

*Depósito legal: VG 337-2020*

*ISBN: Versión Impresa: 978-989-54689-9-7*

*Versión Dixital: 979-989-54875-0-9*

*Esta publicación foi cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER a través do programa Interreg V - A España-Portugal (POCTEP) 2014-2020.*

*O contido desta publicación é de exclusiva responsabilidade do autor que as emite.*

# UN CAMIÑO DE FUTURO



**EIXO ATLÂNTICO**  
DO NOROESTE PENINSULAR



O Camiño de Santiago é considerado, nas súas diversas rutas, o primeiro Itinerario Cultural Europeo y galardoado como Patrimonio da Humanidade pola Unesco no caso do Camiño Francés, estendido ó Camiño do Norte e ó Primitivo. Así mesmo, o Eixo Atlántico mantén todo o seu empeño para que se poida conseguir o mesmo recoñecemento para o Camiño Portugués.

Aínda que é evidente, nunca é demais recoñecer que o Camiño de Santiago é, alén do seu principal compoñente, o espiritual, probablemente un dos maiores éxitos turísticos a nivel mundial. Mais o Camiño non pode ser só un itinerario que se realice exclusivamente para chegar a Santiago. O Camiño é unha oportunidade para coñecer a inmensa riqueza cultural, histórica e patrimonial que reúnen as nosas cidades e todas as vilas e lugares da contorna que atravesa o Camiño.

A espiritualidade que este camiño encerra, tanto cristiá como pagá, a riqueza cultural e patrimonial dende a época prerromana coas citanias, os castros e o riquísimo legado romano até a moderna arquitectura con obra de numerosos arquitectos mundialmente galardoados co premio Pritzker ou incluso aqueles que marcaron a arquitectura dos séculos XIX e XX son só unha pequena parte da riqueza que atesoura o Camiño.

Unha riqueza que se pode coñecer percorréndoo ou incluso, para os que vivimos nas cidades do Eixo Atlántico, motivando visitas específicas ó longo das 52 fins de semana que ten o ano. A crise que acabamos de vivir require unha resposta proactiva que recupere o dinamismo económico que nos caracteriza e o turismo é un dos motores dese dinamismo así que, que mellor que desfrutar de todos os praceres que as nosas cidades ofrecen ó visitante dende a gastronomía e a enoloxía até a cultura e o sendeirismo para tamén contribuír á reactivación e rexeneración económica.

Con esta fin se editou esta guía diferente e complementaria ó que xa existe: unha guía visual, amena e agradable, utilizando a ilustración do cómic para trasladar a inmensa riqueza que encerra este territorio. Esperamos que a disfrute e que se anime a visitar todas e cada unha das nosas cidades onde sempre será benvido.

Ricardo Rio - Presidente do Eixo Atlántico  
Lara Méndez - Vicepresidenta do Eixo Atlántico

## CAMIÑO INGLÉS

Páx. 8



## CAMIÑO DO NORTE

Páx. 28

Deputación de Lugo

29-31

Deputación de Lugo

Lugo

33-39

35-38

Deputación de Lugo

Samia

Santiago de Compostela

41-44

41-43

46

O Barco de Valdeorras

Deputación de Lugo

Monforte de Lemos

Lalín

48-50

51-55

51-54

56-58

Ourense

Santiago de Compostela

Bragança

Mirandela

Macedo de Cavaleiros

64-66

68

69-71

73-75

76-77

## CAMIÑO DE INVERNO

Páx. 47

## CAMIÑO DO SUESTE

Páx. 59

## CAMIÑO PORTUGUÉS

### INTERIOR

Páx. 79

Lamego

Peso da Régua

Vila Real

80

81-83

85-87

## CAMIÑO DA GEIRA E

### DOS ARRIEROS

Páx. 90

Braga

O Carballiño

Santiago de Compostela

91

97-99

101-102

## CAMIÑO PORTUGUÉS

### CENTRAL

Páx. 103

Santa Maria da Feira

Vila Nova de Gaia

Porto

Matosinhos

Maia

Póvoa de Varzim

104-107

108-110

111-112

113

114

115-117

Barcelos

Pontevedra

Santiago de Compostela

118-120

127-129

132

Valongo

Vila Nova de Famalicão

Braga

135-137

138-141

142-143

## VARIANTE DE BRAGA

Páx. 133

Guimarães

Braga

145-148

148

## CAMIÑO DE TORRES

Páx. 144

## CAMIÑO PORTUGUÉS

### DA COSTA

Páx. 149

Porto

Matosinhos

Maia

Póvoa de Varzim

Viana do Castelo

Vigo

150

150-151

152-153

154

156-158

161-164

## MAR DE AROUSA

Páx. 165

Ribeira

Vilagarcía de Arousa

166-168

171-172

## CAMIÑO FISTERRA-

### MUXÍA

Páx. 174

Santiago de Compostela

175-178

# ÍNDICE

( Por cidades A-Z )

A Coruña	9-11
Barcelos	118-120
Braga	91, 142-143, 148
Bragança	69-71
Carballo	15-18
Culleredo	12-14
Deputación de Lugo	29-31, 33-39, 41-44, 51-55
Ferrol	20-22
Guimarães	145-148
Lalín	56-58
Lamego	80
Lugo	35-38
Macedo de Cavaleiros	76-77
Maia	114, 152-153
Matosinhos	113, 150-151
Mirandela	73-75
Monforte de Lemos	51-54
Narón	23-25
O Barco de Valdeorras	48-50
O Carballiño	97-99
Ourense	64-66
Peso da Régua	81-83
Pontevedra	127-129
Porto	111-112, 150
Póvoa de Varzim	115-117, 154
Ribeira	166-168
Santa Maria da Feira	104-107
Santiago de Compostela	19, 46, 68, 101-102, 132, 175-178
Sarria	41-43
Valongo	135-137
Viana do Castelo	156-158
Vigo	161-164
Vila Nova de Famalicão	138-141
Vila Nova de Gaia	108-110
Vila Real	85-87
Vilagarcía de Arousa	171-172



# CAMIÑO INGLÉS

## DENDE A CORUÑA

1. A Coruña - Culleredo - Hospital de Bruma
2. Hospital de Bruma - Carballo - Sigüeiro
3. Sigüeiro - Santiago de Compostela.

## DENDE FERROL

1. Ferrol - Narón - Neda
2. Neda - Miño
3. Miño - Hospital de Bruma.
4. Hospital de Bruma - Sigüeiro
5. Sigüeiro - Santiago de Compostela.

Este camiño ten a súa historia no século XII, cando en 1147 unha escuadra de ingleses, alemáns e flamencos visitaron a tumba de Santiago. Debido á súa localización, as cidades da **Coruña** e **Ferrol** serviron de portos de entrada para a peregrinación xacobeá en tempos medievais para aqueles pobos europeos que decidían acceder por mar a Galicia. Escandinavos, flamencos, ingleses, escoceses e irlandeses empregaron este camiño durante séculos, sendo os ingleses o grupo máis abundante, motivo polo cal o trazado pasou a coñecerse como o Camiño Inglés. Na actualidade, pódese optar por facer a versión longa do camiño dende **Ferrol** ou ben optar polo trazado máis curto dende a cidade da **Coruña**. Ambos conflúen na parroquia de Hospital de Bruma, en Mesía, para continuar xuntos até **Santiago de Compostela**.



# A CORUÑA - CULLEREDO - HOSPITAL DE BRUMA


Esta ruta do Camiño Inglés inicia o seu percorrido na **Coruña**. Esta cidade sitúase nunha península adentrada no Océano Atlántico con case 15 km de paseo marítimo, na que podemos visitar algúns dos elementos arquitectónicos máis emblemáticos e históricos da cidade como a Torre de Hércules, a Igrexa de Santiago, o Convento e a Praza de Santo Domingo, o Convento de Santa Bárbara, o Parrote, a tumba de Sir John Moore, Castelo de San Antón... Alén diso, a cidade conta cunha gran oferta de ocio e cultura con varios museos científicos.




Convento de Santo Domingo




Igrexa de Santiago




Praza de María Pita



Torre de Hércules



Tumba de Sir John Moore




Castelo de San Antón




O Parrote

Continuamos polo o barrio de Eirís para entrar no concello de **Culleredo**, concretamente no Portádego. Pasamos polo paseo marítimo do Burgo, rodeando a ría do mesmo nome, onde podemos visitar a súa ponte medieval e os muíños da Acea de Ama, que teñen a súa orixe nas edificacións dos monxes de Sobrado do século XII.

Seguimos despois cara Alvedro, aínda no municipio de Culleredo, onde na actualidade se localiza o Aeroporto da **Coruña**. Pasamos despois pola ponte medieval da Xira, e dirixímonos cara Cambre, onde podemos visitar a igrexa de Santa María de Cambre, do século XII e considerada como un dos mellores exemplos do románico compostelán. Continuamos por Sergude e Sarandós, até chegar á parroquia de Hospital de Bruma, no concello de Mesía.




Ponte do Burgo




Paseo Marítimo do Burgo



Igrexa de Santiago do Burgo



Muíños da Acea de Ama




Igrexa de Santa María de Cambre




Ponte da Xira

# HOSPITAL DE BRUMA - CARBALLO - SIGÜEIRO




Entrada en Hospital de Bruma


Observamos os hórreos de tipo Mahía característicos desta área e, tras pasar pola igrexa de San Lourenzo do século XVI, seguimos o camiño cara Ordes. Poderíamos aquí facer un alto no camiño e desviármonos cara **Carballo**, porta de entrada da Costa da Morte que permite desfrutar do espazo natural Razo-Baldaio incluído na Rede Natura, relaxarse no único balneario mineiro medicinal da Costa da Morte ou pasear polo centro urbano descubrindo o seu moderno proxecto de arte urbana "Derrubando Muros con Pintura". Continuando co traxecto, transcorreremos entre monte, bosque autóctono e cruceiros que nos guían por diferentes poboacións. Pasamos polas igrexas de San Paio de Buscás e de San Xulián de Poulo, combinando camiños de terra e asfalto. Ó chegarmos á ponte do lugar de Pereira, no concello de Ordes, cruzámola para nos adentrarmos de volta no bosque, até alcanzar a vila de Sigüeiro, de orixe medieval (s. XII) e capital do concello de Oroso.



Igrexa de San Lourenzo




Dólmen Dombate




Espazo Natural Razo - Baldaio



Cabo Vilán



Parque sobre o Rio Anllóns



Fervenza do Ézaro

# SIGÜEIRO - SANTIAGO DE COMPOSTELA

No centro da vila, continuamos pola rúa Real até chegar á histórica ponte sobre o río Tambre, entrando xa no concello de **Santiago**. Pasamos polos núcleos de Marantes e A Lameira, polo parque empresarial do Tambre, e seguimos pola Vía Galileo e a Rúa do Tambre até alcanzar o Meixonfrío e o Cruceiro da **Coruña**, en cuxas proximidades se alzaba un castro prerromano.



Ponte Sigüeiro

Tras atravesarmos o barrio das Cancelas entramos no centro urbano de **Santiago de Compostela**.

Ó pasarmos por San Caetano, podemos observar o Monumento ó Peregrino que nos dá a benvida.

A seguir, encontramos os conventos de Santa Clara e do Carme e continuamos pola Rúa Loureiros até a Porta da Pena, unha das entradas á cidade cando estaba amurallada (s. XII- XIX).

Finalmente, pasamos pola Praza de San Martiño Pinario, a Rúa da Troia e a Rúa da Acibecheira, onde encontramos a fachada norte da catedral de Santiago.



Praza de San Martiño Pinario

# FERROL - NARÓN - NEDA


Comezamos o camiño partindo do peirao de Curuxeiras, en dirección ó centro da cidade de **Ferrol**, capital da zona marítima do Norte no século XVIII. Pasamos primeiro polo Arsenal Militar, un estaleiro que foi durante moitos anos o motor económico da comarca. Dende aquí podemos avistar ó lonxe, en dirección ó mar, o Castelo de San Felipe do século XVI. Continuamos cara o barrio neoclásico da Madalena, conxunto histórico-artístico dende 1983. Nesta área situada no centro de **Ferrol** encontraremos a Praza de Armas, actual casa consistorial, e numerosas edificacións modernistas do século XX, como a Casa Pereira. Continuamos o camiño cara **Narón**, antes pasando polo Museo Naval, albergado nun cárcere do século XVIII.



Arsenal, Porta do dique



Casa Pereira



Museo Naval



Concha de Santiago




Praia Doniños




Castelo de San Felipe


No paso por **Narón**, seguindo a Avenida do Mar, chegaremos ó Mosteiro de San Martiño de Xuvia, de estilo románico do século XII. Adentrándonos no interior da ría, visitamos o Muíño das Aceas, que accionado pola forza das mareas constituíu unha das principais fábricas de fariña de Galicia no século XIX. A seguir, bordeando o litoral descansamos no paseo marítimo de Xuvia e atravesamos despois a ponte peonil que conecta co Concello de Neda.




Acantilados



Mosteiro de San Martiño de Xuvia



Muño das Aceas



Real Fábrica de Fariñas de Xuvia



Pazo Libunca



Ponte de Xuvia

# NEDA - MIÑO

Nesta etapa pasamos polos municipios de Neda e Fene, até chegar ó concello de Cabanas, onde atopamos a Igrexa de San Martiño do Porto, de 1788 construída por orde do arcebispo de Santiago, Bartolomé de Raxoi.

A continuación, cruzamos a ponte do Río Eume e adentrámonos en Pontedeume.

No transcurso a Miño, podemos achegarnos até o emblemático Castelo dos Andrade (s. XIII), tamén coñecido como fortaleza da Nogueirosa. Finalizamos esta etapa atravesando a ponte medieval que cruza o Río Baxoi e continuando o camiño real que conduce até a vila de Miño.



Torre do Castelo dos Andrade

# MIÑO - HOSPITAL DE BRUMA


Saíndo de Miño atravesamos Ponte do Porco, cruzando o Río Lambre e seguindo o seu curso por un tramo de camiño forestal con destino a Betanzos. Alcanzamos esta cidade, cruzando o río Madeo pola Ponte Vella e pasando baixo o Arco da Ponte Vella, vestixio da muralla medieval.

En Betanzos podemos visitar, entre outros monumentos, o Pazo de Bendaña, reconstruído no século XVI, ou o templo gótico de San Francisco do século XIV. Nel encontramos o sepulcro de Pérez Andrade "O Bo", un dos máis salientados aristócratas do Reino de Galicia do século XIV e benfeitor do trazado do Camiño Inglés.

Deixamos atrás Betanzos para dirixírnos a Hospital de Bruma, en Mesía, pasando polo concello de Leiro.

Ó chegarmos ó final desta etapa, a ruta conflúe coa do Camiño Inglés que chega da [Coruña](#).

(ver últimas dúas etapas na ruta anterior)




Sepulcro de Pérez Andrade

Pazo de Bendaña

# CAMIÑO DO NORTE

1. Ribadeo - Lourenzá
2. Lourenzá - Abadín
3. Abadín - Vilalba
4. Vilalba - Baamonde
5. Baamonde - Sobrado dos Monxes
6. Sobrado dos Monxes - Arzúa
7. Arzúa - Arca
8. Arca - Santiago de Compostela.

O Camiño do Norte, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 2015, entra en Galicia por Ribadeo e continua até Compostela 198 Km. Foron moitos os célebres peregrinos que seguiron esta ruta, como San Francisco de Asís, que viaxou por esta ruta Xacobeá no ano 1214.



## RIBADEO - LOURENZÁ

O Camiño atravesa dende Francia o norte de España e entra en Galicia por Ribadeo, cruzando a ría que leva o seu nome e que é considerada unha Zona de Especial Protección de Aves. Ao nordeste podemos desviarnos cara Illa Pancha, que conta cun marabilloso miradoiro ó Cantábrico. Seguimos cara o centro da vila onde destaca o Convento de Santa Clara orixinario do século XI, e a capela da Trindade (s. XII) no alto do Miradoiro da Atalaia, así como varios exemplos de arquitectura indiana, como a Torre dos Moreno.

Dirixímonos a Vilanova de Lourenzá e pasamos por Vilela, A Ponte, Vilamartín Pequeno e Gondán. Unha vez en Vilanova atopamos o Mosteiro de San Salvador fundado no 969 que constitúe un referente do Barroco en Galicia. A súa igrexa monacal, dedicada a Santa María, alberga o Sarcófago do Conde Santo, de época paleocristiá.



*Miradoiro de Illa Pancha*




*Catedral de Mondoñedo*

## LOURENZÁ - ABADÍN


Nesta etapa o camiño xúntase coa variante procedente de Santiago da Ría de Abres que atravesa Trabada, e pasamos por pequenas poboacións até chegar á vila de Mondoñedo, capital de provincia até 1833 e berce do escritor Álvaro Cunqueiro. A catedral, fundada no século XIII e dedicada á Virxe da Asunción, constitúe o símbolo da cidade. É de orixe románica aínda que conta con partes góticas e barrocas engadidas en anos posteriores. O Centro de Interpretación do Camiño do Norte e o innumerable patrimonio relixioso pechan a visita á vila mindoniense. O noso camiño segue até Abadín, na comarca da Terra Chá.

## ABADÍN - VILALBA

Na chegada á Abadín, encontramos a igrexa románica dedicada a Santa María, de sinxela construción mais cunha capela refeita no século XVI en estilo gótico isabelino. Ó seu carón achamos un cruceiro con figuras de Cristo no anverso e da Piedade no reverso. A seguir, continuamos esta etapa a través de fermosas turbeiras até chegar a Vilalba.



Cruceiro (Abadín)



Torre dos Andrade

## VILALBA - BAAMONDE


Na entrada ó municipio de Vilalba podemos visitar o Museo de Prehistoria e Arqueoloxía. Despois transitamos pola parte antiga da vila, onde observamos a Torre dos Andrade, hoxe Parador Nacional de Turismo, a Igrexa de Santa María e a Pravia de Vilalba, árbore centenaria recollida no Catálogo Galego de Árbores Singulares. Non podemos marchar sen antes degustar o famoso queixo de San Simón e o capón de Vilalba.

Saímos de Vilalba camiño a Alba. Pasamos polo Pazo de Penas Corveiras, propiedade orixinalmente do Marqués de Ombreiro, e polo restaurado muíño do Rañego, até chegar á Ponte Rodríguez e á Ponte de Saa sobre o río Labrada e continuamos até Baamonde.


## BAAMONDE - SOBRADO DOS MONXES

Na parroquia de Baamonde pertencente ó concello de Begonte onde visitaremos a igrexa que ten a súa orixe no século IX dedicada a Santiago Apóstolo, que conta cun calvario de tres cruceiros ó seu carón datado do século XVIII, e a Casa Museo do escultor Víctor Corral.

Partimos de Baamonde para dirixírnosnos ó concello de Guitiriz. Adentrándonos no bosque e pasando unha ponte medieval, espéranos a capela gótica de Santo Alberte, onde se celebra, no mes de maio, unha tradicional romaría en honor ó santo. Continuamos por San Paio de Seixón, coa súa igrexa románica, até chegarmos á localidade de Friol, onde son famosos os queixos de Friol e o pan de Ousá. Así, seguimos avanzando para entrar na provincia da Coruña, e terminar a etapa na localidade de Sobrado.



*Igrexa de Santiago de Baamonde*



*Mosteiro de Sobrado dos Monxes*

## SOBRADO DOS MONXES - ARZÚA

En Sobrado dos Monxes destaca o monumento histórico-artístico do Mosteiro de Sobrado dos Monxes coa súa espectacular igrexa barroca, que ten a súa orixe no ano 952.

Saímos da vila monacal e pasamos fronte á igrexa de San Lourenzo de Carelle, até chegarmos a Boimorto. De aquí até Arzúa recorreremos fermosas paisaxes e variada arquitectura popular. Ó chegarmos a Arzúa, o noso trazado únese co Camiño francés até chegar a [Santiago de Compostela](#).

# CAMIÑO PRIMITIVO

1. Alto do Acebo - Paradavella
2. Paradavella - Castroverde
3. Castroverde - Lugo
4. Lugo - San Romao da Retorta
5. San Romao da Retorta - Melide
6. Melide - Arzúa (Enlaza có camiño francés)
7. Arzúa - Arca
8. Arca - Santiago de Compostela.

O Camiño Primitivo é a primeira e máis antiga ruta de peregrinación, recoñecida en 2015 xunto co Camiño do Norte como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

O trazado enlaza Oviedo con Santiago de Compostela pasando, en boa parte, polas calzadas romanas. Foi un camiño moi transitado polo pobo ástur-galaico nos séculos IX e X, así como fonte de peregrinación doutras partes do norte de España e Europa.



# ALTO DO ACEBO - PARADAVELLA



Miradoiro no Alto do Acebo

Comezamos a ruta adentrándonos en Galicia dende Asturias a través do Alto do Acebo, cun miradoiro a 1030 metros que sorprende cunha paisaxe máxica.

Pasamos por Fonfría e Paradanova até chegar á vila máis alta de Galicia:

A Fonsagrada, que pertenceu a Asturias até 1835.

Ó abeiro do seu templo encontramos a Fons Sacrata, fonte que deu nome ó concello.

O Museo Comarcal, fundado por veciños da vila no ano 1984, contén pezas de etnografía, arqueoloxía e arte contemporánea. Nesta altura o camiño pode seguir por San Xoán do Padrón ou por A Proba de Burón, para converxer despois no Hospital de Montouto.

Seguimos o camiño e no Padrón destaca a igrexa de San Xoán do s. XVIII e, na Pobra de Burón, o Hospital da Trindade e o Castelo dos Condes de Altamira, máis coñecido como A Fortaleza, vítima de ataques dos Irmandiños e do que só queda en pé a Torre da Homenaxe e vestixios do seu recinto.

Continuamos o camiño pasando polas ruínas do Hospital de Montouto, antigo albergue de peregrinos fundado en 1357, até chegar a Paradavella, aínda no concello da Fonsagrada.



Castelo dos Condes de Altamira


# PARADAVELLA - CASTROVERDE

Ó camiñarmos por Paradavella observamos os hórreos e as pallozas tan características desta área de montaña. No que respecta á gastronomía, os doces da Fonsagrada – sobremesa a base de manteiga e améndoas – farán exquisiteces nos padais máis larpeiros.

Dende Paradavella imos cara O Cádavo, onde O Campo da Matanza narra unha peculiar lenda: segundo a tradición oral, o nome do lugar vén dado pola batalla que se librou entre o Rei Afonso II o "Casto" fronte ó exército islámico, cando as tropas do reino galego se dirixían a Compostela co sepulcro do Apóstolo.

Subindo a Vilabade, visitamos a igrexa de Santa María (s. XV – XVII), que conta cun retablo maior de estilo Barroco, ó redor da cal se orixinou o convento franciscano.

Ó seu carón encontramos o pazo de Abraira-Arana, máis coñecido como Pazo de Vilabade.



Pallozas de Paradavella



O Cádavo

# CASTROVERDE - LUGO

Arribamos en Castroverde, onde destacamos a Torre da Homenaxe do Castelo dos Duques de Lemos, do século XIV.

No noso camiño cara **Lugo**, pasamos pola igrexa prerrománica de Soutomerille e continuamos por diversas paisaxes entre ríos, prados e bosque autóctono, atravesando Santa María de Gondar e Carballido, para entrar por fin na cidade máis antiga de Galicia, a Lucus Augusti romana.



Castelo dos Duques de Lemos


# LUGO - SAN ROMAO DA RETORTA

Ó cruzarmos a ponte viaduto da Chanca, a cidade de **Lugo** danos a benvida.


No interior da Muralla, declarada Patrimonio da Humanidade no ano 2000, coas súas portas que dan paso ó centro, encontramos a cidade histórica, coa Catedral de Santa María que se comezou no XII con numerosas ampliacións en estilo renacentista, barroco e neoclasicista, o Museo Provincial de Lugo ou o Centro de Interpretación do Camiño de Santiago, entre moitos outros elementos de valor patrimonial.

Na Praza Maior coa Casa do Concello de fondo, observamos o monumento ós fundadores da cidade, Paulo Fabio Máximo e o Emperador Augusto.

Saímos de **Lugo** en dirección a San Romao da Retorta para percorrer as fermosas paisaxes fluviais, as Termas Romanas e a igrexa de San Vicente do Burgo, así como o Templo de Santalla de Bóveda e a Igrexa románica de San Miguel de Bacurín.



Porta de Santiago



Viaducto da Chanca



Muralla romana



Praza Maior, Monumento dos Fundadores



Murallas de Lugo



Templo de Santaalla de Bóveda



Centro de Interpretación do Camiño de Santiago



Catedral de Santa María

# SAN ROMAO DA RETORTA - MELIDE

San Romao de Retorta no municipio de Guntín deléitanos con expresións arquitectónicas.

Na súa igrexa parroquial atopouse un miliario romano, o que nos indica que o Camiño Primitivo segue en orixe unha antiga calzada romana.

Continuamos até A Ponte Ferreira, onde accedemos pola ponte medieval a igrexa románica de San Martiño do século XII.

Adentrámonos de novo na natureza para pasar por unha das áreas mellor preservadas de bosque autóctono galego,

até chegarmos a Melide, onde o noso camiño converxe co Francés para continuar xuntos até

[Santiago de Compostela](#).



Miliario romano




Igrexa de San Romao da Retorta

# CAMIÑO FRANCÉS

1. O Cebreiro - Triacastela
2. Triacastela - Sarria
3. Sarria - Portomarín
4. Portomarín - Palas de Rei
5. Palas de Rei - Melide
6. Melide - Arzúa
7. Arzúa - Arca
8. Arca - Santiago de Compostela.

O Camiño Francés ou Vía Francígena, foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 1993. É a ruta con máis afluencia de peregrinos. A "Guía do Peregrino" de Aymeric Picaud, recollida no quinto libro do Códice Calixtino en 1135, demóstranos a importancia desta vía de peregrinación a Compostela. Nela aparecen os treitos do Camiño Francés dende terras galas e informa sobre os santuarios, a hospitalidade, as comidas e costumes locais, entre outros aspectos.



# O CEBREIRO - TRIACASTELA

O Camiño procedente de León, chega a Galicia por Pedrafita do Cebreiro, entre as serras do Courel e dos Ancares. Chegamos á igrexa de Santa María a Real do século IX e tamén ás pallozas, de orixe prerrománica, que estiveron habitadas até o século pasado. Seguimos o trazado cara Liñares, onde despois de atravesar subidas e descensos pronunciados avistamos o alto de San Roque (1.270m) coa estatua do peregrino observando o val.

A seguir, pasamos polas localidades de Hospital da Condesa, nome que recibe polo hospital de peregrinos que houbo nos primeiros séculos da tradición xacobeá. O Padornelo, Fonfría e O Biduedo antes de baixar para Triacastela. Nesta localidade encóntrase a cova Eirós, que conta con pinturas e gravados rupestres que se poderían remontar a 30.000 anos de antigüidade.




Alto de San Roque

# TRIACASTELA - SARRIA

En Triacastela pasaremos pola Igrexa de Santiago de orixe románico (s. IX) para partir cara Sarria. Podemos optar por realizar o traxecto máis curto por San Xil, ou o máis extenso por Samos, pasando polo seu famoso Mosteiro. Unha vez nel, fundado por San Martiño Dumiense no século VI, observamos a mestura de estilos arquitectónicos que vén dada pola multitude de saqueos e incendios que sufriu ó longo da súa historia.

Entrando xa na vila sarriá, podemos realizar a ruta das Aceas, que recorre o río Sarria, entre muíños, saltos de auga e bosque autóctono.



Mosteiro de Samos



Ruta das Aceas


# SARRIA - PORTOMARÍN

Nesta vila podemos observar a importancia da presenza do Camiño, a través dos seus numerosos albergues e monumentos relixiosos. Tras subir a escalinata maior chegamos á igrexa neogótica de Santa Mariña de **Sarria**. Continuamos pola igrexa de San Salvador, románica do século XIII con elementos góticos, polos vestixios dunha fortaleza medieval do século XV coñecidos como Torre de **Sarria**, e finalmente chegamos ao Mosteiro da Madalena. Este último foi fundado no século XIII e serviu de hospital e albergue para os peregrinos.

Abandonamos a vila e atravesamos a ponte da Áspera. Empezamos a ascender cara Barbadelo, cunha igrexa tamén dedicada a Santiago, até chegar ó punto máis alto desta etapa, na localidade de Ferreiros, o primeiro da Ribeira Sacra lucense.




*Igrexa de San Salvador*



*Igrexa de Santiago de Barbadelo*



*Escalinata Maior*



Mosteiro da Madalena




Ponte da Áspera


## PORTOMARÍN - PALAS DE REI

Segundo o camiño, chegamos ó encoro de Belesar no concello de Portomarín, a construción deste encoro en 1963 obrigou ó traslado dos monumentos relevantes da vila a un lugar máis alto, como as igrexas de San Nicolás e San Pedro, esta última de estilo románico do S.XII que pertenceu á Orde de San Xoán de Xerusalén.

Deixando Portomarín pasaremos por Gonzar, Castromaior e Vendas de Narón, coa súa capela dedicada á Madalena (s. XIII), e seguiremos pola Eirexe e Lestedo até chegarmos a Palas de Rei. Aquí temos a igrexa románica de San Tirso, que destaca pola súa portada románica.



Igrexa de San Nicolás



Castelo de Pambre

## PALAS DE REI - MELIDE

Saímos de Palas de Rei para dirixirmonos ó Castelo de Pambre (s. XIV), Ben de Interese Cultural e Patrimonio histórico de España, está considerado como un dos poucos que sobreviviron a Revolta Irmandiña. Entramos na provincia da Coruña por Leboreiro, até a ponte medieval de Furelos, citada no Códice Calixtino. Dende aquí avanzamos até Melide, co seu casco histórico agardando.

## MELIDE - ARZÚA

# MELIDE - ARZÚA

En Melide conflúe o Camiño Primitivo co Francés. Nesta vila cómpre destacar a Igrexa de San Pedro de Melide (S. XIV).

Unha vez percorrida a parte histórica, deixamos atrás o municipio para adentrarnos en Boente e Ribadiso, e chegamos finalmente á vila de Arzúa, onde o queixo se toma festa alá polo mes de marzo. Tamén ten lugar aquí o encontro do Camiño Francés co Camiño do Norte.



*Igrexa de San Pedro de Melide*



*Capela da Madalena*


## ARZÚA - ARCA

No centro de Arzúa encontramos a Igrexa de Santiago e a Capela da Madalena de orixe románica, único vestixio do convento dos monxes agostiños construído no s. XIV para atender a peregrinos, e que na actualidade se reconverteu en sala de exposicións.

Deixamos atrás Arzúa e imos camiño á Arca, no concello do Pino, atravesando o bosque de carballos e eucaliptos, así como os prados de gandaría. No lugar de Santa Irene observamos unha ermida na súa honra (s. XVII) e tamén unha fonte que, segundo a lenda, ó beber dela se obtén a xuventude eterna. Xa por último, continuamos até o Pedrouzo, núcleo principal da parroquia de Arca, onde poderemos descansar desta etapa de natureza.

# ARCA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Saímos da parroquia de Arca pasando primeiro pola igrexa de Santa Eulalia, de estilo neoclásico, e continuando despois camiño ó Monte do Gozo, para adentrármonos despois na cidade de Compostela a través do barrio de San Lázaro. Seguimos pola rúa dos Concheiros e San Pedro até desembocar na Porta do Camiño que da acceso á cidade medieval de Compostela. Á dereita, o mosteiro de San Domingos de Bonaval, que acolle o Museo do Pobo Galego e o Panteón de Galegos Ilustres. Enfronte del, o Museo de Arte Contemporánea de Galicia (CGAC), obra do arquitecto portugués Álvaro Siza. De camiño á catedral topámonos coa Capela de Ánimas, chegando á praza de Cervantes que desemboca na porta do Mosteiro de San Martiño Pinario. O Camiño remata na Praza do Obradoiro, ó baixar as escaleiras do pasadizo que comunica a catedral co Pazo do Arcebispo.



Igrexa de Santa Eulalia




Rúa de San Pedro

# CAMIÑO DE INVERNO

1. O Barco de Valdeorras - A Rúa
2. A Rúa - Quiroga
3. Quiroga - Monforte de Lemos
4. Monforte de Lemos - Chantada
5. Chantada - Rodeiro
6. Rodeiro - Lalín - Bendoiro
7. Bendoiro - Outeiro
8. Outeiro - Santiago de Compostela.

Este camiño era utilizado tradicionalmente polos peregrinos na época invernal para evitar as Neves do Cebreiro. Arranca dende a capital da comarca leonesa do Bierzo, Ponferrada, e xa en Galicia atravesa as 4 provincias. En Lalín conflúe coa Vía da Prata até chegar a Compostela.




# O BARCO DE VALDEORRAS - A RÚA

Comezamos o Camiño dende a comarca de Valdeorras. De camiño ó **Barco de Valdeorras** encontramos a poboación de Éntoma e cruzamos a súa ponte romana para continuar cara ó centro da vila. Xa nela, podemos visitar a Casa grande de Viloira e a de Riocigüeiro (ambas do s. XVII) que demostran a importancia da nobreza da comarca. Así mesmo, apartado do centro encontramos a Torre e fortaleza do Castro do século XIV, Ben de Interese Cultural dende o cal podemos obter unha vista panorámica da vila. Saímos cara Vilamartín de Valdeorras á beira do Sil. A vila destaca polas súas covas furadas, moitas delas minas durante a época romana que hoxe se usan como adegas. Seguimos o camiño cara A Rúa, onde atopamos a Igrexa parroquial de Fonteí (s. XIX-XX), de posible influencia Gaudiana, xa que Gaudí pasaba tempadas de descanso na vila cando estaba a construír o Pazo Episcopal de Astorga.




Río Sil



Casa Grande de Viloria




Casa de Rio Cigüeño



*Bodegas de Viño de Valdeorras*



*Torre do Castro*



*Igrexa de Fonteí*


# A RÚA - QUIROGA

Seguimos pola beira do Sil entre campos de oliveirais, figueiras e nogueiras, camiñando pola N-533 até Albaredo.

Chegamos ó lugar de Montefurado, famoso polo túnel escavado na montaña por orde do emperador Traxano, para aproveitar o ouro que o Sil traía nas súas augas. Seguimos o camiño pasando por Ermidón, Venda Vella, Venda Nova e a capela dos Farrapos, ermida que fai referencia ós farrapos dos que debían despoxarse dos peregrinos.

Chegamos a Bendilló, onde se sitúa a ferrería da Orde Hospitalaria de San Xoán de Xerusalén. Pasamos por Sequeiros e subimos até o Castelo dos Novaes (s. X), residencia da orde de San Xoán de Xerusalén cuxa entrada co arco de medio punto ten gravada a cruz de Malta.


Finalmente, comezamos a descender até Quiroga, onde cruzamos a ponte medieval de Ponte Pedriña.



Túnel de Montefurado

## QUIROGA - MONFORTE DE LEMOS

Pola beira esquerda do Sil saímos de Quiroga, pasando por Espandariz, Pontido e San Lourenzo de Nocado, e arribamos en Carballo de Lor. Dende aquí, descendemos pola beira do río Lor até chegar a Carballo de Lor. Pasamos por Castroncelos, cruzamos a ponte romana de Labrada e chegamos á Pobra de Brollón. Dende aquí comezamos a subida até o Alto da Serra e Monte Moncai, para chegar de seguido a **Monforte de Lemos**, capital da comarca de Lemos e Ribeira Sacra. Nesta vila moi rica en patrimonio, cabe destacar o conxunto arquitectónico de San Vicente do Pino, composto por varios monumentos: un mosteiro beneditino orixinado no século X e actual Parador de Turismo; o pazo no que residiron os Condes de Lemos; e elementos defensivos como a muralla, as portas e Torre da Homenaxe, do séculos XIII e XV, actualmente un magnífico miradoiro para avistar todo o val de Lemos. Tamén salientamos o barrio xudeu e burgo medieval, o cal pertence á Rede Española de Xudeirías, así como o colexio da Nosa Señora da Antiga, un edificio de estilo herreiriano do século XVI que alberga unha importante pinacoteca, con obras de O Greco. Outros puntos a visitar nesta localidade é o Museo do Ferrocarril de Galicia, moi vencellado á historia da vila, así como un desvío até o Canón do Río Sil, declarada Zona Especial de Conservación, onde destaca o Miradoiro do Duque, para avistar os viñedos en socalcos da Ribeira Sacra.



*Colexio da Nosa Señora da Antiga*




*San Vicente de O Pino*




Ponte Medieval sobre o Río Cabe



Museo do Ferrocarril de Galicia




Barrio Xudeu



Miradoiro do Duque - Canóns do Sil

# MONFORTE DE LEMOS - CHANTADA

Saímos da vila monfortina pola Ponte Vella de orixe medieval para cruzar o río Cabe e pasar polo Museo de Arte Sacro e o Convento das Clarisas. Deixamos atrás as terras dos duques de Lemos para chegar a Moreda. Dende aquí, continuamos cara Pantón, pasamos polo Reguengo, A Barxa e Diomondi, onde a súa igrexa románica de orixe monástico sorprende sobre todo pola porta principal con catro arquivoltas con fustes lisos e chapiteis historiados. Baixamos até a ponte de Belesar sobre o río Miño, flanqueados polos chamados "socialcos", os viñedos colgados en bancais tan peculiares desta zona. Xa no termo municipal de Chantada pasamos por San Pedro de Líncora até chegarmos á capital da Terra Cha: Chantada.



Igrexa de San Paio de Diomondi

# CHANTADA - RODEIRO




Ermita da Nosa Señora do Faro

Esta etapa discorre ó carón de cruceiros, hórreos e petos de ánimas, así como unha agradable mostra da flora galega, chea de carballos e castiñeiros. Saímos de Chantada camiño de Centulle e San Xurxo de Asma, atopamos o mosteiro beneditino de San Salvador (s. IX). Cruzamos A Lucenza, Vilaseco e Penasillás, ascendemos ó monte Faro e entramos na ermida da Nosa Señora do Faro, a 1100 metros de altitude. Se queremos evitar o ascenso ó monte Faro, sempre podemos coller unha ruta alternativa que pasa por Mouricios e San Vicente. Descendemos cara á casa grande de Camba, pasamos polas vilas de Ermida, Río e Mouriz, até chegar a Rodeiro, onde nos sorprende a súa espectacular Casa Consistorial, levantada sobre as ruínas dunha fortaleza.

# RODEIRO - LALÍN - BENDOIRO

Saímos cara Lalín pola C-533, e pasamos pola Ponte do Hospital até chegar á Penerbosa, onde cruzamos a ponte medieval de Ponte Pedroso. A nosa viaxe segue o seu transcurso polas vilas da Ponte, antiga hospedería do Camiño de Santiago, Val de Boi, Coto de Anta, Coto de Mamuela, Palmaz até chegarmos a Lalín, quilómetro O de Galicia ou centro xeográfico da comunidade autónoma. A vila é moi famosa pola súa festa anual do cocido, motivo polo cal o porco se converte en mascota da vila, como podemos observar nas expresións artísticas coloridas de Pork Art dispostas en diversos puntos da área urbana.

Aquí, encontraremos o Museo Municipal de Ramón María Aller Ulloa (1878- 1966), famoso astrónomo e matemático natural da vila, a innovadora casa do Concello coñecida como Castro Tecnolóxico, obra dos arquitectos Luis M. Mansilla e Emilio Tuñón, e os Pazos dos Gil Taboada e Liñares. Dende aquí o Camiño conflúe coa Vía da Prata até chegarmos a Compostela.




Feira do Cocido



Pork Art




Museo Municipal de Ramón María Aller Ulloa



Pazo Liñares




Pazos dos Gil Taboada



Paseo fluvial do Río Pontiñas



Concello no Castro Tecnolóxico



Igrexa de Nosa Señora dos Dolores

# VÍA DA PRATA: CAMIÑO DO SUESTE


## VARIANTE POR LAZA

1. A Canda (A Mezquita) - A Gudiña
2. A Gudiña - Laza
3. Laza - Vilar de Barrio
4. Vilar de Barrio - Ourense
5. Ourense - Cea
6. Cea - Dozón
7. Dozón - Laxe
8. Laxe - A Ponte Ulla
9. A Ponte Ulla - Santiago

## VARIANTE POR VERÍN

1. A Canda (A Mezquita) - A Gudiña
2. A Gudiña - Verín
3. Verín - Xinxo de Limia
4. Xinxo de Limia - Allariz
5. Allariz - Ourense
6. Ourense - Cea
7. Cea - Dozón
8. Dozón - Laxe
9. Laxe - A Ponte Ulla
10. A Ponte Ulla - Santiago

O Camiño do Sueste tamén é coñecido como Vía da Prata, nome que procede do árabe Bal'latta e que designaba a vía pública empedrada pola que os musulmáns se encamiñaban ao norte cristián. Este camiño adentrase en Galicia polos concellos da Mezquita e da Gudiña. A ruta permite desfrutar ó viaxeiro das maravillosas paisaxes do Macizo Central ourensán. Chegados a este punto, podemos escoller entre dúas rutas: unha que vai cara Verín ou a que pasa por Laza. Ámbalas dúas desembocan en Ourense para continuar despois até Santiago de Compostela.




## A CANDA (A MEZQUITA) - A GUDIÑA

Comezamos no porto de montaña denominado Portela da Canda, no municipio da Mezquita. Este concello foi historicamente un nexo entre Castela, Galicia e Portugal, por onde pasaron peregrinos mais tamén segadores, arrieiros ou tratantes chegados aquí por diversos motivos. Atravesamos a Vilavella e continuamos até a poboación do Pereiro, onde destaca a igrexa de San Pedro e a Capela de Loreto. Seguimos a ruta por antigos camiños empedrados e disfrutando da paisaxe natural que nos rodea até chegar á Gudiña.



Macizo Ourenán - Mezquita




Igrexa de San Martiño

## CAMIÑO DO SUESTE POR LAZA A GUDIÑA - LAZA

Partimos dende a Igrexa de San Martiño da Gudiña, con portada de arco de medio punto, conta cunha inscrición do inicio da súa fundación 1619, con posteriores modificacións até o século XVIII. Seguindo a prolongación da calzada romana que unía Emerita Augusta (Mérida) con Asturica Augusta (Astorga) tomamos a Vereia Vella ou Vereia Sur, coas súas magníficas paisaxes da Serra Seca, a cal remata en Campobeceros, parroquia que pertenceu á encomenda santiaguista de San Marcos de León. Dende aquí adentrámonos en Porto Camba e no Val da Serra de San Mamede, antigamente pertencente ó Mosteiro de Montederramo. Dende o lugar de Eiras entramos en Laza, famoso polo Entroido e os seus Peliqueiros.

## LAZA - VILAR DE BARRIO

En Laza, atopamos a igrexa de San Xoán, que destaca polo seu estilo toscano e polos catro altares de estilo barroco recubertos en ouro que podemos encontrar no seu interior. Remontando o curso do río Támeiga chegamos até Tamicelas, e tras unha forte subida, o peregrino chega a Santa María da Alberguería. En tempos houbo pousada para viaxeiros e hospital de peregrinos. De seguido subimos ó Alto da Paradiña do monte Talariño, no municipio de Sarreaus, localidade onde nace o río Limia, tamén coñecido polos gregos e romanos coma río Letheo, ou "río do esquecemento". Segundo a tradición, os habitantes prerromanos da rexión crían que cruzar este río provocaba o esquecemento. De acordo co escritor latino Plinio, o xeneral romano Decimo Xunio Bruto, no ano 138 a.C., foi o primeiro home que se atreveu a cruzar as súas augas, e desmitificou así esta crenza. Descendemos até chegar a Vilar de Barrio.



Igrexa de San Xoán



Capela de San Lourenzo

## VILAR DE BARRIO - OURENSE


Continuamos até Vilar de Gomairete, pasando por Xunqueira de Ambía e Sobradelo. Cruzando a Vía Romana XVIII observamos os miliarios romanos que alí se conservan. Seguimos até Bovadela e Cima de Vila para entrar en Xunqueira de Ambía; centro espiritual moi importante no medievo. Continuamos polos municipios de San Xillau, Vila Nova, Os Casares, Baños de Molgas, Pademe de Allariz, Taboadela e San Cibrao das Viñas.

Nas Pereiras collemos a estrada cara **Ourense**, chegando á fin desta etapa. Aquí o Camiño conflúe coa ruta alternativa que vén dende Verín.


## CAMIÑO DO SUESTE POR VERÍN A GUDIÑA - VERÍN

Dende A Gudiña dirixímonos cara San Mamede de Pentes, continuamos por O Mente, O Navallo e Riós, até chegarmos ó lugar das Vendas da Barreira. Paseando por carballeiras e soutos arribamos en Mirós.

Dende alí, subimos cara Fumaces até Verín, onde nos agarda o Pazo de Monterrei, fundado no século X e catalogado como Ben de Interese Cultural na actualidade, así como todo o conxunto histórico que o conforma, onde destaca o Hospital de Peregrinos de 1391.



Castelo de Monterrei



Igrexa de Santa Mariña

## VERÍN - XINZO DE LIMIA

Dende Albarellos camiñamos por Guillarei, Rebordondo e Pena Verde, continuando por Viladerrei e Zos, para chegarmos ó corazón da comarca da Limia: Xinzo. Nesta vila coñecida polo seu Entroido, encontraremos a igrexa de Santa Mariña, na que chama a atención a súa portada románica do século XII, decorada con ornamentación vexetal e flores esculpidas en pedra.


Esta zona tamén albergaba a maior lagoa de auga doce de España, até que foi desecada nos anos 60. Hoxe en día podemos visitar as areeiras da Limia, un espazo de recuperación medioambiental da antiga lagoa no que se poden avistar diversas aves.

# XINZO DE LIMIA - ALLARIZ


Continuamos o camiño pasando por Vilaríño de Poldras, Couso de Limia e Vilar de Sandiás. As terras que pisamos neste intre da viaxe foron testemuñas das revoltas irmandiñas e de invasións lusas, como podemos evidenciar coa medieval Torre de Pena.

Proseguimos por Piñeira de Arcos, cruzando o val que comunica con Allariz. Pasamos por Coedo, Outeiro de Torneiros, Pardiñas, Torneiros e San Salvador de Penedos, para comezar o descenso á vila de Allariz pasando polo Couto das Picoutas, entre o bosque autóctono e os regatos que conforman esta Reserva da Biosfera.

Chegamos á vila histórica de Allariz, bañada polo río Arnoia e cuxa orixe se remonta ó s. VI, cando os suevos crean a Vila Aliaricii. Non podemos marchar sen antes pasear polas súas rúas, porque Allariz é un monumento en si mesma. Rúas de pedra, casas fidalgas, pontes, prazas... este conxunto histórico-artístico é digno de admirar e disfrutar.



Torre da Pena



Ponte de Vilanova

# ALLARIZ - OURENSE

Saímos de Allariz pasando pola ponte de Vilanova do século XV e pasamos polos lugares da Frieira, Santiago de Folgoso, Roiriz de Abaixo, Roiriz de Arriba, Rubiás, Espiñeiros, Turzas e A Vila. Chegamos a Santa Mariña de Augas Santas, cuxo conxunto etnográfico, relixioso e arqueolóxico é digno de admiración. Proseguimos a nosa andaina até chegarmos a San Cibrao das Viñas, e pasando por San Breixo de Seixalbo continuamos até chegarmos a **Ourense**.

Chegados a este punto, as dúas alternativas do Camiño do Sueste conflúen nun único itinerario até a chegada a Santiago de Compostela.


# OURENSE - CEA

Ourense agárdanos con todos os seus atractivos: a Catedral e o conxunto histórico, o antigo Convento de San Francisco, co seu claustro –unha xoia do gótico galego–, as fontes das Burgas, coas súas augas termais, ou a rúa do Paseo cos seus edificios emblemáticos, entre outros. Esta cidade ademais está bañada polo río Miño, onde destacamos as paisaxes naturais e espazos de lecer á beira do río, así como os seus populares espazos termais.

Iniciamos a etapa cruzando a ponte romana chamada tamén Ponte Vella de Ourense e camiñamos até chegar a Casasnovas (Cea). A uns 2 km atopámonos xa coa vila de San Cristovo de Cea, famosa esta polo seu pan e o seu conxunto etnográfico.



Catedral de San Martiño



Ponte Vella de Ourense



As Burgas



Piscina Termal As Burgas




Claustro de San Francisco

## CEA - DOZÓN

Dende Cea podemos escoller dúas alternativas: ben ir por Piñor e chegar a seguir a Dozón, ou desviarnos pola variante que pasa polo Mosteiro cisterciense de Oseira. Data do s. XII e a súa marabillosa igrexa inspirouse na planta da catedral de Santiago, e constitúe un importante conxunto, vestixio do Románico, Gótico, Renacemento e Barroco. Seguimos o camiño até Dozón, pasando por Mirallos, Carballediña e Coiras de Abaixo.



Mosteiro de Oseira



Mosteiro de San Pedro de Vilanova

## DOZÓN - LAXE


Sáimos de Dozón camiño á Laxe. Desvímonos do trazado orixinal do camiño para visitar o Mosteiro de San Pedro de Vilanova, un exemplar románico tardío dos séculos XII-XIII, que conta con dous contrafortes en transición ó gótico. Descendendo pola ribeira do río Asneiro, as mámoas de Xandín e O Castro deixan ollar ó pasado prerromano de Galicia. Chegamos a Pontenoufe e continuamos cara San Xoán de Botos, berce do pintor galego Laxeiro. Despois de pasar por Donsión, preto de Lalín, capital comarcal do Deza, pasamos por Fondevila e A Empedrada, para rematarmos a etapa no albergue sito na Laxe.

## LAXE - A PONTE ULLA

Saímos do albergue da Laxe e camiñamos pola N-525. Pasamos Vilasoa e Prado. Ó chegar ó lugar da Boralla cruzamos a ponte medieval de Taboada sobre o río Deza. Subimos a Taboada e Trasfontao, até chegarmos a Silleda. Dende Silleda tiramos cara

O Foxo e Chapa, pasamos pola Bandeira, Codeseira, Piñeiro e xa, no concello da Estrada, pasamos por Castrovite. De aquí imos até Santo Estevo de Oca, e atopamos o fermoso Pazo de Oca, cuxos xardíns e estanques se gañaron o alcume do «Versalles Galego». Seguimos avanzando cara a provincia da Coruña, e xa alcanzada esta, no municipio de Vedra, entramos pola Ponte Ulla, cruzando a ponte sobre o río que da nome á vila.

Aquí, coa igrexa románica de Santa María Magdalena a etapa.



Ponte Taboada

## A PONTE ULLA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Saíndo da Ponte Ulla, rematamos o camiño. A derradeira etapa do Camiño do Sueste lévanos preto do famoso Pico Sacro, no concello de Boqueixón. Se o camiñante desexa desviarse un pouco para subir a súa cima, contemplará unha das máis maravillosas paisaxes da zona. Esta cima vincúlase á «Traslatio» do corpo do Apóstolo Santiago dende Iria Flavia até **Compostela**: nas ladeiras vivían os touros bravos que os discípulos do Apóstolo domesticaron para cargaren o féretro até **Compostela**. Seguimos o Camiño e entramos no concello de **Santiago** polo lugar da Susana. Así seguimos camiñando até entrar na vila xacobeá polo barrio de Sar. Aquí, a igrexa románica de Santa María recibe ó peregrino. Pasamos a ponte sobre o río Sar e subimos a empinada Costa do Castrón Douro e chegamos á porta de Mazarelos (única porta en pé da antiga muralla medieval) e paseamos pola Praza da Universidade, Caldeirería (antigo emprazamento do gremio dos caldeiros) e chegamos á Praza de Praterías, coa magnífica vista da porta lateral románica da Catedral, para avanzar até o Pazo de Fonseca e, á dereita avanzamos até chegar ó final da nosa peregrinación: a Praza do Obradoiro recibe, esplendorosa, ó camiñante.



Ponte do Sar

# VIA DA PRATA

## VARIANTE POR BRAGANÇA

1. Quintanilha (Bragança) - Vinhais
2. Vinhais - Segirei


## VARIANTE POR MIRANDELA

1. Mirandela - Valpaços
2. Valpaços - Chaves


O itinerario da Vía da Prata desenvólvese sempre en proximidade coa fronteira con Portugal durante gran parte do traxecto, polo que é natural a incursión dalgúns peregrinos pola rexión de Tras os Montes e Alto Douro, atravesando o territorio e saíndo despois por Chaves para entrar en Galicia por Verín e de alí seguir o trazado do Camiño do Sueste até **Santiago de Compostela**.

## QUINTANILHA (BRAGANÇA) - VINHAIS


Entrando en Portugal por Quintanilha, a porta Xacobeá máis antiga de Portugal, no concello de **Bragança**, cidade localizada nunha zona de excelencia medioambiental e declarada pola UNESCO como Reserva da Biosfera Transfronteiriza Meseta Ibérica, atravesamos algúns tramos do Parque Natural de Montesinho. Chegados á cidadela de **Bragança** podemos visitar o patrimonio inmóble que define a historia desta cidade, como o Castelo e a Domus Municipalis, exemplar único en Portugal de arquitectura civil románica e que primitivamente tivo funcións de cisterna. Seguimos camiñando por Castro de Avelãs, onde podemos visitar o Mosteiro de Castro de Avelãs, e continuamos o camiño sinuoso a Vinhais.




Parque natural de Montesinho



Domus Municipalis



Castelo de Bragança



Mosteiro de Castro de Avelãs



Praça da Sé

# VINHAIS - SEGIREI (CHAVES)

A vila de Vinhais conserva parte das murallas que envolven a cidadela, onde tamén podemos observar algúns vestixios prerrománicos. Tamén podemos visitar o convento de São Francisco e a Igrexa de São Facundo.

De aquí seguimos para Seguirei, en Chaves, onde encontramos o coñecido nicho de Santiago, que despide do territorio portugués para entrar en Galicia.



Igrexa de São Facundo



Igrexa da Misericórdia de Chaves


# VARIANTE DESDE MIRANDELA

Aínda na rexión de Trás-os-Montes, existen varios indicios históricos asociados **Santiago** e á peregrinación a Compostela, entre os que destaca o concello de **Mirandela**. Esta cidade integraría unha variante da Vía da Prata que une a localidade de Puerto Seguro (Salamanca) e entra en Portugal pola localidade de Castelo Rodrigo.


## MIRANDELA - VALPAÇOS

En **Mirandela**, cidade coñecida polos seus principais recursos como a oliveira e o seu aceite de oliva, na fachada principal do Solar dos Condes de Vinhais podemos observar a figura en pedra representando o Apóstolo guerreiro de S. Tiago vestido de combatente. Aquí, a Ponte Velha ou Ponte Medieval sobre o río Tua, de estilo románico e nomeada Monumento nacional, é un dos referentes desta cidade famosa polo seu embutido, a alheira. Ó atravesarmos a ponte podemos avistar o Paço dos Távoras, hoxe convertido en Casa do Concello. No centro histórico podemos ver a Porta de Santo António, único vestixio que queda do antigo castelo medieval. Tamén podemos visitar os vestixios da Vía XVII Augusta, con forte presenza en Vale de Telhas, no Marco Miliario ou na Ponte de Vale de Telhas. Esta Vía tamén pasaba por Torre de Dona Chama pola Ponte da Pedra sobre o río Tuela, unha das poucas en Portugal que mantén a súa identidade romana.






Igreja Vale de Telhas



Marco Milario



Ponte de pedra sobre o río Tuela



Vestixios Romanos

# MACEDO DE CAVALEIROS


Antes de continuar cara Valpaços, podemos visitar **Macedo de Cavaleiros**, territorio declarado Xeparque Mundial da UNESCO, cun importante patrimonio xeolóxico e de biodiversidade, así como histórico-cultural. Esta vila é coñecida polos caretos de Podence, que saen a desfilar durante o Entroido, e a Albufeira do Azibo, que conta co recoñecemento de Paisaxe Protexida, cuxa calidade medioambiental fai que estea integrada tamén na Reserva da Biosfera Transfronteiriza da Meseta Ibérica, así nomeada pola UNESCO e definida como a maior reserva de Europa. Seguimos o camiño en dirección a Valpaços, e cruzamos a Ponte de Valtelhas sobre o río Rabaçal e a Ponte Romana do Arquinho, no río Calvo, para entrar neste municipio.




*Caretos de Podence*



*Xardín Primeiro de Maio*




Albufeira do Azibo



Geopark Terras de Cavaleiros

# VALPAÇOS - CHAVES

Ó pasarmos pola vila de Valpaços podemos visitar a Capela de Nossa Senhora da Saúde, e de camiño a Chaves encontramos elementos da cultura castrexa: o Castro de Vilarandelo e o Castro da Lama de Ouriço, Inmobles de Interese Público dende 1986, de camiño ao destino de Chaves.



Igrexa de Santa Maria Maior



Igrexa Matriz de Valpaços

# CAMIÑO DO INTERIOR

1. Bigorne - Lamego
2. Lamego - Peso da Régua - Bertelo (Santa Marta de Penaguião)
3. Bertelo (Santa Marta de Penaguião) - Vila Real
4. Vila Real - Parada de Aguiar (Vila Pouca de Aguiar)
5. Parada de Aguiar (Vila Pouca de Aguiar) - Vidago
6. Vidago - Chaves

O trazo do Camiño Interior de Santiago, antigo camiño medieval do interior de Portugal, consta no mapa dos «Camiños de Santiago - Primeiro Itinerario Cultural Europeo do Consello de Europa» datado de 1987. Vindo de Viseu percorre 387 km até chegar a Santiago. Despois de atravesar a fronteira en Chaves, únese en Verín ó Camiño do Sueste - Vía da Prata.



# BIGORNE - LAMEGO

Entramos na rexión Norte de Portugal pola localidade de **Lamego**. no concello de Lamego. Pasamos por Magueijinha, cuxa igrexa parroquial é devota a Santiago, Matança e outros lugares camiño a Penude.


Ó pasarmos por Lamego, paga a pena a visita ó santuario de Nossa Senhora dos Remédios e á súa monumental escalinata, con máis de 650 chanzos, Inmable de Interese Público, no cumio do Monte de Santo Estevão, envolto polo denso arboredo que forma o Parque de Santo Estevão.



Nossa Senhora dos Remédios


# LAMEGO - PESO DA RÉGUA - BERTELO (SANTA MARTA DE PENAGUIÃO)

Saímos de Lamego e dirixímonos para Souto Covo e despois encamiñámonos cara a Régua. Entramos no municipio de **Peso da Régua** pola Ponte Metálica. Este lugar é o berce da primeira rexión determinada e regulada do mundo onde se creou a Compañía Xeral de Agricultura das Viñas do Alto Douro, en 1756, cuxo edificio é hoxe o Museo do Douro. Este museo, de visita imprescindible, pretende mostrar o patrimonio natural e cultural da Rexión Delimitada do Douro, nomeada Patrimonio Mundial pola UNESCO, como paisaxe cultural, evolutiva e viva, nun espazo colectivo de memoria e identidade da rexión viñateira. Aquí as viñas cultivadas en socalcos nas ladeiras do río ofrecen paisaxes espectaculares que podemos contemplar dende os numerosos miradoiros da zona no que destaca o de São Leonardo en Galafura, no Monte de S. Leonardo a 566 metros de altitude, onde existiu un castro romano. Da Régua tomamos o camiño en dirección a Bertelo, xa no concello de Santa Marta de Penaguião.





Douro Viñateiro



Douro Viñateiro



Adegas Vale do Douro

# BERTELO (SANTA MARTA DE PENAGUIÃO) - VILA REAL

No paso por esta vila, onde a vitivinicultura ocupa unha grande representación, podemos desfrutar dun dos seus numerosos miradoiros, un deles con vistas ó río Corgo e Alvações do Corgo, aldea viñateira que é patrimonio mundial. Antes de deixar o concello, o camiño pasa pola Igrexa Matriz da Cumieira, Inmóble de Interese Público, no que no seu interior podemos apreciar un conxunto de valiosos retablos de talla dourada. Dirixímonos para [Vila Real](#), onde podemos visitar a súa Catedral, coñecida como Igrexa de São Domingos e que constitúe o mellor exemplo de arquitectura gótica tardía na rexión transmontana, construída no século XV.



Igrexa de São João Batista de Lobrigos

# VILA REAL - PARADA DE AGUIAR (VILA POUCA DE AGUIAR)

Vila Real, é unha cidade poboada dende o Paleolítico e onde tamén existen vestixios da presenza dos romanos na rexión, entre os que destaca o Santuario Rupestre de Panóias, situado no lugar do Assento. Seguimos a ruta do camiño cruzando a ponte sobre o río Corgo. No centro da cidade son innumerables os monumentos de Patrimonio de Interese Cultural e Religioso que podemos visitar, como a Catedral, tamén coñecida como Igrexa de São Domingos, construída no século XV, así como a Igrexa de São Pedro ou Capela Nova, cuxa arquitectura se lle atribúe a Nicolau Nasoni, arquitecto da Casa de Mateus.




Parque Corgo



Igrexa de São Domingos



Teatro de Vila Real




Capela Nova



Casa de Mateus

# PARADA DE AGUIAR (VILA POUCA DE AGUIAR) – VIDAGO

O trazado continúa en dirección a Vila Pouca de Aguiar, cuxo castelo de Pena de Aguiar, se apoia nunha xigantesca pena granítica, cuxas orixes remontan ós séculos IX/X. Ó longo do seu traxecto neste concello, destaca a Ponte de Cidadelha, a Capela de Santiago en Vila Meã, ou o Complexo Termal en Pedras Salgadas. Seguimos a ruta pasando por Salus até alcanzarmos Redial e continuarmos para Vidago, coñecida polas súas excelentes augas termais, onde paga a pena visitar o Parque Centenario Natural que rodea o Vidago Palace, o referente desta vila.



Hotel Vidago Palace

# VIDAGO - CHAVES

Dende aquí o trazado lévanos por Vila Nova da Veiga e Outeiro Jusão até Chaves.

Nesta cidade terminamos o traxecto deste camiño en territorio portugués, antes de entrar en Galicia por Verín. Os romanos déronlle o nome de *Aquae Flaviae*, recoñecendo a calidade das fontes termais, con propiedades curadoras, sendo incluso as máis quentes de Europa (cerca de 73.1°C), moi apreciadas aínda hoxe en día. Aquí podemos visitar o seu Castelo, que se ergue en posición dominante sobre unha elevación á beira do río Tâmega, ou a travesía da ponte romana, a Ponte de Trajano, do século II d.C., ambos nomeados Monumentos Nacionais.



Ponte de Trajano



Castelo de Chaves

# CAMIÑO DA GEIRA E DOS ARRIEIROS

1. Braga - Santiago de Caldelas.
2. Santiago de Caldelas - Terras de Bouro.
3. Terras de Bouro - Portela de Homem.
4. Portela de Homem - Lobios.
5. Lobios - Castro Laboreiro.
6. Castro Laboreiro - Cortegada.
7. Cortegada - Ribadavia.
8. Ribadavia - O Carballiño - Beariz.
9. Beariz - Soutelo de Montes.
10. Soutelo de Montes - Codeseda.
11. Codeseda - A Estrada.
12. A Estrada - Pontevea.
13. Pontevea - Santiago de Compostela.


Este camiño, de 261 km de lonxitude até Compostela, debe a súa denominación pola Geira Romana, nome que os pobos da Idade Media lle deron á calzada romana que unía Braga e Astorga. O camiño discorre por esta até chegar a Portela do Homem, fronteira con Galicia, e continúa pola Ruta dos Arrieiros, que transportaban o viño do Ribeiro até Compostela. Esta vía é a Ruta Xacobeo de peregrinación máis recente, e tamén unha das máis difíciles xa que discorre por tramos de montaña maioritariamente, e case sen sinalizar de momento.



# BRAGA - SANTIAGO DE CALDELAS

Comezamos este camiño en **Braga**, onde se encontran os camiños de Torres e a variante do Central, visitando a súa catedral, o referente da cidade.

A Sé de **Braga** foi a primeira catedral portuguesa, construída incluso antes da fundación de Portugal, onde se encontran sepultados, na Capela dos Reis, D. Henrique e D. Teresa, pais do primeiro rei de Portugal. Saíndo de **Braga** camiño a Santiago de Caldelas, pasamos por Montélios e o Mosteiro de Rendufe, datado de antes do 1090, que foi unha das principais casas beneditinas entre os séculos XII-XIV.



Catedral de Braga

# SANTIAGO DE CALDELAS - TERRAS DE BOURO


En Santiago de Caldelas, podemos ver nun nicho sobre a porta principal da súa Igrexa Matriz, a Santiago Peregrino en pedra. Dende aquí seguimos cara ó lugar de Real, precioso paraxe rodeado de viñedos. Continuamos subindo até Paranhos de Cima e dende aquí descendemos pasando polo concello de Amares, camiñando xunto a miliarios romanos que nos ditan o camiño até chegarmos a Terras de Bouro, onde podemos aproveitar as súas augas termais para recuperar forzas.



Igrexa de Santiago Peregrino

## TERRAS DE BOURO - PORTELA DO HOMEM

De Terras de Bouro camiñamos até Campo de Gerês, situado en pleno Parque Nacional da Peneda – Gerês, pola Vía Nova XVIII, que ten os treitos de vía romana en mellor estado de conservación entre todos os existentes na Península Ibérica. Seguimos en dirección á fronteira da Portela do Homem, e podemos aproveitar para aproximarnos á súa ferverza de augas cristalinas en tons de azul turquesa, lugar no que paga a pena un pequeno desvío non só pola ferverza e lagoas, mais tamén por toda a beleza natural da Mata da Albergaria que nos leva até alí.



Serra do Gerês

# PORTELA DO HOMEM - LOBIOS

Portela de Homem é un porto de montaña a 822 metros de altitude, enmarcado na fronteira entre Portugal e Galicia, localizado en Terras de Bouro (Portugal) e xunto ó municipio de Lobios (Ourense). Entramos en Galicia por Bubaces, no concello de Lobios, onde encontramos os vestixios arqueolóxicos dos baños romanos de Río Caldo, para seguirmos camiñando fronte á serpenteante fronteira entre Galicia e Portugal. Durante esta ruta atravesamos o corazón do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés, desfrutando do bosque autóctono e do mundo animal que nos pode sorprenden como cabalos salvaxes, corzos e vacas cachenas.




Cascata da Fecha das Baijas

# LOBIOS - CASTRO LABOREIRO

Na parroquia de San Salvador de Marín, en Lobios, pasamos por un lugar chamado Compostela, na honra á cidade santa e que demostra a tradición Xacobeá da ruta.

Seguimos cara Entrimo pasando pola Feira Vella.


O camiño lévanos de novo a terras portuguesas até chegar a Castro Laboreiro (Melgaço), onde podemos visitar o seu castelo, nomeado como Monumento Nacional.



Igrexa de San Salvador de Manín

## CASTRO LABOREIRO - CORTEGADA

Dende Castro Laboreiro imos até Alcobaça, aldea de Melgaço, e, de novo en Galicia, pasamos por Padrenda, San Xoán de Monte Redondo e Santa María do Condado, chegando así a Cortegada, vila cunha tradición termal que é máis que coñecida.




Castelo de Castro Laboreiro

# CORTEGADA - RIBADAVIA

Pola beira do Miño saímos de Cortegada e avanzamos pola comarca do Ribeiro até chegar á Arnoia e ó seu coñecido balneario. Seguimos a ruta até chegar a Ribadavia, vila que a partir do século XII albergaba hospitais de peregrinos.

Aquí podemos visitar a capela de San Lázaro (s. XII), que era a antiga leprosería da comarca, e o convento e igrexa de Santo Domingo, que unifica os estilos Románico e Gótico.

A igrexa de San Xoán, tamén do s. XII, pertenceu á orde de Malta.



Balneario de Cortegada



Capela de San Lázaro


# RIBADAVIA - O CARBALLIÑO - BEARIZ

Saímos de Ribadavia cara San Cristovo de Regodigón, para continuar até Beade, cuxa igrexa de Santa María mestura os estilos renacentista e barroco e que pertencía á Orde de San Xoán de Xusalén.


Seguimos polo Camiño Real pasando polas Regadas e Berán, até chegar ó concello de Boborás.

Aquí, camiñamos polas parroquias de San Salvador, San Miguel de Albarelos, Salón, Ditriz e Paredes, até chegarmos a Pazos de Arenteiro.

Cruzamos a ponte sobre o río Arenteiro e pasamos pola imaxe do Apóstolo Santiago Peregrino nela.



Igrexa de Santa María



Ponte da Cruz, Pazos de Arenteiro


Nesta altura podemos desviamos do camiño para visitar o **Carballiño**. Esta vila coñecida polo tradicional prato de polbo á feira, tamén conta cunha gran actividade termal, motivo polo cal alberga dous complexos balnearios: o do Carballiño e o de Caldas de Partovia.

Así mesmo, paga a pena a visita ó Templo de Veracruz, obra póstuma do arquitecto A. Palacios, e o parque municipal, un gran espazo verde na vila co seu paseo fluvial.


Dirixímonos cara Feás até chegar a Beariz, derradeira parada dentro da Provincia de Ourense.




Festa do Polbo



Templo da Veracruz



Parque Etnográfico do Rio Arenteiro




Gran Balneario do Carballiño

# BEARIZ - SOUTELO DE MONTES

Entramos na provincia de Pontevedra por Forcarei e Santiago de Pardeso, rodeando a Serra do Candán.

Chegamos a Soutelo de Montes, onde atopamos o Centro Etnográfico de Terra de Montes, que recolle obxectos da vida cotiá desta área para a súa divulgación cultural.



Ponte Gomail

## SOUTELO DE MONTES - CODESEDA



Igrexa Parroquial de Codeseda

Comezamos a camiñar dende Soutelo de Montes pasando por Fontela e Aciveiro, lugar que alberga un Mosteiro co mesmo nome, fundado no século XII e considerado Monumento Histórico Artístico dende 1931 e Ben de Intere Cultural na actualidade.

Continuamos polos lugares de Vilar, Freixeira, Cachafeiro, Gaxín e Ponte Gomail até chegar ó lugar da Mámoa e adentrámonos xa no concello da Estrada, pola localidade de Codeseda.

Esta área conta cunha gran variedade de patrimonio prehistórico onde destaca o petróglifo de Chan das Lamas. A súa igrexa parroquial, de estilo románico, conforma unha das Rutas do Románico promovida polo concello da Estrada.

## CODESEDA - A ESTRADA

Seguimos o camiño até Sabucedo, onde anualmente se celebra a festa da Rapa das Bestas, declarada de Intere Turístico Internacional, na cal se rememora o vínculo entre os humanos e os cabalos salvaxes, procurándoos no monte e traéndoo ó curro situado na localidade para cortarlles as crinas.


Dirixímonos cara Tabeirós, pasamos por San Xiao, Xerlís, A Panceira e chegamos á vila da Estrada.




Curro das bestas, Sabucedo

# A ESTRADA - PONTEVEA

No concello da Estrada, pasamos pola Torre de Guimarei do século XII e paga a pena desviarnos ó nordeste para visitar o Pazo de Oca, cuns xardíns inspirados na tradición paisaxística francesa do século XVIII. Seguimos camiñando e pasamos por San Pedro de Toedo, San Salvador de Baloiira, Santa Cristina de Veá, Couso e ó fin, chegamos a Pontevea. Cruzamos a ponte medieval sobre o río Ulla e podemos continuar o paseo fluvial até as augas termais da Burga para tomar un descanso. Preto da fin da ruta, pasamos por Cacheiras, Montouto e Outeiro do Castiñeiro, xa no concello de Santiago.



Torre do Pazo Guimarei



Pazo de Oca

# PONTEVEA - SANTIAGO DE COMPOSTELA




Burga de Pontevea


Seguimos camiñando até entrar pola Porta de Mazarelos e adentrarnos no casco histórico da cidade, para rematar na Catedral. No seu interior, poderemos encontrar, alén do sepulcro do Apóstolo Santiago, diversos símbolos como o botafumeiro, o maior incensario do Mundo que pode chegar ós 60 quilogramos, ou o famoso Pórtico da Gloria, de estilo románico e realizado polo Mestre Mateo que aínda conta con vestixios policromados.



Santiago no Altar Maior




Sepulcro do Apóstol Santiago




Órganos




Cúpula



Cubertas



Pórtico da Gloria




Botafumeiro

# CAMIÑO PORTUGUÉS CENTRAL

1. Oliveira de Azeméis – Santa Maria da Feira - Grijó (Vila Nova de Gaia)
2. Grijó (Vila Nova de Gaia) - Porto
3. Porto – Matosinhos - Maia - São Pedro de Rates (Póvoa de Varzim)
4. São Pedro de Rates (Póvoa de Varzim) – Barcelos
5. Barcelos – Ponte de Lima
6. Ponte de Lima – Rubiães (Paredes de Coura)
7. Rubiães (Paredes de Coura) – Tui
8. Tui – Redondela
9. Redondela – Pontevedra
10. Pontevedra – Caldas de Reis
11. Caldas de Reis – Padrón
12. Padrón - Santiago de Compostela

O trazo do Camiño Central Portugués é a herdanza das estradas e camiños antigos, como a Vía XIX, construída no século I d. C., que unía Braga a Astorga a través de Ponte de Lima, Tui, Pontevedra, Santiago de Compostela e Lugo, e que foi unha das calzadas romanas máis importantes, pois estruturou a Gallaecia. Este itinerario adquiriu relevancia sobre todo a partir do século XII, tras a independencia de Portugal.



# OLIVEIRA DE AZEMÉIS - SANTA MARIA DA FEIRA - GRIJÓ (VILA NOVA DE GAIA)

O camiño Central Portugués, vén do sur entrando na rexión norte por Oliveira de Azeméis, onde destacan varios monumentos, como os castro de Ul ou de Ossela e o Parque e Capilla de La Salette. Pasamos por diante da súa igrexa Matriz, na Rúa de Santiago, dedicada a este Santo, e atravesamos o río Ul pola ponte medieval de Salgueiro. Despois atopamos o Mosteiro de Cucujães, e xa na Rúa do Mosteiro, desviándonos lixeiramente, podemos visitar o imponente Mosteiro da vila.



Parque e Capela de La Salette

Ao camiñarmos para [Santa Maria da Feira](#), cidade que destaca polo seu altísimo Castelo con orixe no século X, percorremos as freguesias de Arifana, onde podemos visitar a súa Igrexa Matriz, pasamos pola Rúa Romana en São João de Ver, Escapães co seu parque de ocio que invita ó descanso, continuando por Fiães, Lourosa, localidade onde encontramos o Parque Ornitolóxico, Mozelos e finalmente Nogueira da Regedoura, na fronteira con Grijó. Antes de deixarmos o concello de Santa Maria da Feira, paga a pena visitarmos o seu centro histórico e o seu castelo, que se transforman anualmente para a Festa das Fogaceiras e para a súa grandiosa celebración da Viagem Medieval.



*Castelo de Santa Maria da Feira*




São João de Ver, Rua Romana



Igreja de Santiago (Rio Meão)



Igreja de S. Nicolau



Escapães - Parque de Lecer de Nadais




Lourosa - Parque Ornitológico

# GRIJÓ (VILA NOVA DE GAIA) - PORTO

Chegando a Vila Nova de Gaia, conhecida internacionalmente pelas súas empresas de viños do Porto e do Douro, actividade que constitúe o punto de atracción turística por excelencia desta cidade, unha vez recorridos 2 km encontramos o Mosteiro de San Salvador de Grijó, do século XIII, onde en 1594 pernoctou Confalinieri, cuxos relatos de peregrinación deste camiño conforman o piar da investigación do Camiño Central Portugués. Seguindo o camiño, pasamos pola freguesia de Perosinho onde podemos ver a súa igrexa Matriz, e rematando o sendeiro desta cidade baixamos cara a Avenida da República, onde atopamos os Paços do Concelho ou casa consistorial de Vila Nova da Gaia, a Casa Barbot, así como o Mosteiro da Serra do Pilar, chegando á Ponte Luís I, estes dous últimos nomeados Patrimonio da Humanidade.



Mosteiro de São Salvador de Grijó



Ribeira de Gaia



Igreja de São Salvador de Perosinho



Capela de Santa Marinha




Capela do Senhor da Pedra



*Ponte Luis I, Mosteiro da Serra do Pilar*

# PORTO - MATOSINHOS - MAIA - SÃO PEDRO DE RATES (PÓVOA DE VARZIM)

Atravesando a ponte, entramos na cidade de **Porto**, coñecida como Cidade Invicta, que deu orixe ó nome de Portugal (Portus Cale). Dende a ponte avístase a Muralla Fernandina e a partir da Catedral da Sé de Porto o camiño recorre boa parte do seu centro histórico, declarado Patrimonio da Humanidade. Chegando ó Largo de São Domingos, merece a pena facer un pequeno desvío para visitarmos a igrexa do Convento de S. Francisco de Assis. Retomando o camiño e superada a costa da Rúa Ferraz, continuamos cara a Cordoaria, onde podemos subir á cúspide da Torre dos Clérigos, un dos referentes da cidade. Tamén podemos visitar a famosa Librería Lello, contemplar o panel de azulexos da Igrexa do Carmo, visitar a Casa Escondida e a Igrexa dos Carmelitas Descalços.




Ponte Luis I



Muralla Fernandina



Palácio da Bolsa



Catedral da Sé do Porto



Torre dos Clérigos

Deixando o **Porto**, collemos rumbo a **Matosinhos**, cidade situada no litoral, fortemente ligada ó mar dende tempos remotos, sendo hoxe un dos mellores lugares para desfrutar da riqueza gastronómica ofrecida polo mar. É tamén berce do arquitecto Siza Vieira que deixou nesta cidade algunhas das súas obras máis coñecidas como a Casa de Chá da Boa Nova o a Piscina das Marés. En Leça do Balio, despois de cruzar o río Leça na Ponte da Pedra de orixe romana, pasamos polo Zimbório de Araújo, pola Quinta do Chantre e polo Mosteiro de Leça do Balio, que desempeñou un importante papel nos camiños de peregrinación.



Ponte de Goimil



Zimbório do Araújo - Leça do Balio



Quinta do Chantre - Leça do Balio



Mosteiro de Leça do Balio

De aquí partimos cara a **Maia**, onde se atopa o quinto edificio máis alto de Portugal con 92 metros de altura, a Torre do Lidador, nome en homenaxe ó heroe desta terra, o cabaleiro Gonçalo Mendes de Maia.

No paso por esta cidade o camiño pasa diante do Santuario Mariano de Nossa Senhora do Bom Despacho. Moi cerca encontramos o Zoo de Maia onde podemos visitar os seus máis de 600 animais de 200 especies diferentes. E antes de deixar Maia, ó pasar por Moreira, aínda podemos visitar a Igrexa Conventual de Salvador de Moreira ou a Quinta do Mosteiro.



Santuario Mariano



Igrexa de Moreira



Torre Lidador

Pasamos por Vila do Conde, cidade costeira cuxas orixes ancestrais se desenvolven dende o Castro de S. João Baptista. Podemos visitar o Mosteiro de Santa Clara, fundado en 1318, un dos seus referentes xunto co seu acueduto.


O camiño lévanos por Vairão, onde podemos visitar o seu Mosteiro co mesmo nome e máis ó norte alcanzamos a Ponte de Arcos, construída no século XII, que permite cruzar o río Este.



Mosteiro de Santa Clara

## SÃO PEDRO DE RATES (PÓVOA DE VARZIM) - BARCELOS

Unha vez no concello da Póvoa de Varzim, cidade situada nunha ampla chaira entre os ríos Ave e Cávado, con raíces dende sempre ligadas ó mar e cunha enseada acolledora para a faena de pesca, facemos o camiño por S. Pedro de Rates, lugar emblemático da ruta. Aquí podemos visitar a Igrexa románica de S. Pedro de Rates, do século XII, un dos monumentos máis importantes do románico portugués, clasificado como monumento nacional, a Capela do Senhor da Praça, de estilo barroco de 1745, e o Pelourinho de Rates.



*Igreja Românica de São Pedro de Rates*



*Capela de São Tiago na rúa Junqueira*




Paseo Alegre



Praza do Almada

# BARCELOS - PONTE DE LIMA

De Rates a Barcelos pasamos por São Martinho do Courel, rodeando o lendario Alto da Mulher Morta. Dende aí comezamos a descender atravesando Barcelinhos, onde encontramos a Capela da Senhora da Ponte, construída no século XIV. Despois cruzamos a Ponte Medieval de Barcelos (construída de 1325 a 1328 - S. XIV) onde podemos apreciar a paisaxe sobre o núcleo medieval da cidade, para entrarmos no centro de Barcelos, cidade famosa polos seus produtos artesanais e berce do Galo de Barcelos, símbolo da lenda vinculada ás peregrinacións xacobeas. No centro histórico de Barcelos podemos visitar o Paço dos Condes de Barcelos e o Cruceiro do Galo do século XIV, que inmortaliza a milagre de Santiago. Continuamos o trazado por Vila Boa, iniciando a subida á Portela de Tamel por São Pedro Fins e Bouças, baixando por Aborim até a Ponte de Tábuas, en Balugães, onde encontramos a igrexa de S. Martinho de Balugães, lugar de descanso.




Ponte dos Peregrinos de Santiago



*Galo de Barcelos*




*Capela da Senhora da Ponte*



*Pazo dos Condes de Barcelos*



*Cruceiro do Milagre de Santiago*



Igreja de São Martinho de Balugães



Ponte de Tábuas

# PONTE DE LIMA - RUBIÃES (PAREDES DE COURA)

En Ponte de Lima, a vila máis antiga de Portugal, onde conflúen o Camiño por Braga e o de Torres, despois de atravesarmos a ponte Romana e Medieval o camiño segue pola vila de Arcozelo, onde se pode visitar a súa Igrexa Parroquial.

Chegando a Labruja, onde atopamos a Capela da Nossa Senhora das Neves, é necesario superar o traxecto cuxo final está marcado pola Cruz dos Franceses.



Capela de Nossa Senhora das Neves



Igrexa Românica de São Pedro de Rubiães

## RUBIÃES (PAREDES DE COURA) - TUI


Arribamos en Paredes de Coura, cidade onde a 883 metros de altitude encontramos o Corno do Bico, pequeno santuario natural nomeado Paisaxe Protexida.

No camiño podemos admirar un conxunto etnográfico de muíños de auga tradicionais, en perfecto estado de conservación e uso. Seguindo para Agualonga, atravesamos unha vella ponte, chegamos á Capela de S. Roque e volvemos a encontrar a Calzada Romana provinte de Romarigães.

O camiño, que se fai pola Vía Romana agochada nun denso bosque, chega á Igrexa Románica de Rubiães, construída en 1295 e clasificada como Monumento Nacional, e dende aquí seguimos rumbo a Valença.

En Valença, cidade fortificada cuxa Fortaleza conserva vestixios de máis de 2 mil anos de historia, é onde o camiño cruza o Miño cara a Galicia.

No Centro de Fontoura, nas inmediacións da Igrexa parroquial, encontramos a capela do Senhor dos Aflitos e en cuxo cruceiro se pode apreciar o caxato e a vieira, símbolos do peregrino, e aínda en Fontoura está o cruceiro do Senhor dos Caminhos.



# TUI - REDONDELA

Despedímonos de terras portuguesas cruzando a Ponte Internacional de Tui sobre o río Miño, deseñada polo arquitecto Pelayo Mancebo y Ágreda e inaugurada en 1886 con acceso para viandantes, ferrocarrís e vehículos. A Catedral de Santa María, con San Telmo como patrón, dá a benvida ó camiñante.


A fachada principal é a primeira construción do estilo Gótico de toda a Península Ibérica. Xunto á Catedral, no antigo hospital de pobres e peregrinos, atópase o Museo Diocesano.

O camiño atravesa o centro da vila, pasando o Convento das Clarisas, fundado en 1517 e cun estilo que conxuga o manierismo e o barroco portugués, e o Convento de Santo Domingo, que garda na súa igrexa os sarcófagos da nobreza da rexión



Catedral de Santa María de Tui

Saíndo de Tui, en Rebordáns, chegamos á Igrexa de San Bartolomeu (s. XII), a primeira sede episcopal. Avistamos o Monte Aloia, o primeiro Parque Natural declarado en Galicia e continuamos até as Gándaras de Budiño, entre os concellos do Porriño, Salceda de Caselas e Tui, un espazo natural declarado Zona de Especial Conservación (ZEC) pola gran diversidade de flora e fauna.




Gándaras de Budiño

Chegamos á vila do Porriño pasando polo seu concello, obra do arquitecto A. Palacios.

Antes de chegar ó final desta etapa, paramos en Mos, e a seguir encontramos a Igrexa barroca de Santa Baia (S.XVI) e o Pazo dos Marqueses de Mos.

Saíndo da vila mosense topamos co Cruceiro dos Cabaleiros (s.XVIII) e un miliario romano da Via XIX guía o noso camiño até Redondela.

Neste punto o Camiño Portugués da Costa únese ó itinerario Central.



Casa do Concello do Porriño

# REDONDELA - PONTEVEDRA

Comezamos a etapa na entrada de Redondela no convento de Vilavella (s. XVI), de estilo renacentista, para continuar atravesando a vila até a parte máis alta onde se ergue a Igrexa de Santiago, con orixe en tempos de Diego Xelmírez, primeiro arcebispo de Santiago e impulsor da construción da catedral da capital galega.

Moi preto da igrexa, na Casa da Torre (s. XVI) encontramos o actual albergue, que foi a sede do concello até o s. XIX.

Saímos do centro da vila e chegamos á parroquia de Cesantes, onde as illas de San Simón e San Antón emerxen na ría de Vigo.

A Ponte de Rande aparece ó lonxe da estampa rodeada de bateas. Nesta zona da Ría de Vigo tivo lugar a famosa Batalla de Rande.

Pasamos por Arcade, pertencente ó concello de Soutomaior, parroquia famosa pola calidade do seu marisco, e, especialmente, polas súas ostras.

Na mesma localidade podémonos desviar para visitar o Castelo Medieval de Soutomaior, construído no século XII. Seguimos o Camiño até chegar á Ponte Sampaio, sobre o río Verdugo.


Ó chegarmos á metade da ponte comeza o termo municipal de Pontevedra.

Neste treito do camiño poderemos pasar por tramos da antiga Vía Romana XIX, que unía as actuais cidades de Braga, Lugo e Astorga.

Seguimos camiñando até chegarmos á vila de Pontevedra.




Ponte de Rande



Illa de San Antón



Castelo de Soutomaior



Ponte Sampaio

# PONTEVEDRA - CALDAS DE REIS

Entramos pola rúa Otero Pedrayo e a Glorieta de Compostela, até chegar á Capela da Virxe da Peregrina (1792). É de estilo Barroco tardío con formas neoclásicas. A pia de auga bendita que hai na entrada é unha cuncha traída dende o Océano Pacífico por Casto Méndez Núñez.

Na cidade antiga de **Pontevedra** tamén temos que destacar outros monumentos como a Basílica de Santa María A Grande (ss. XV-XVI), o Museo de Pontevedra, con seis edificios que albergan pezas arqueolóxicas e etnográficas no que destacan as ruínas do Convento de Santo Domingo.

Na mesma área, temos as prazas da Ferrería, da Leña e do Teucro, esta última facendo homenaxe á lenda do fundador da vila.

Tamén podemos desfrutar de numerosas zonas verdes e peonís, como a Alameda, onde encontramos o Monumento ós heroes de Ponte Sampaio.



*Ponte dos Tirantes sobre o Río Lérez. Pazo da Cultura*




*Ruínas do Convento de Santo Domingo*



Capela da Virxe da Peregrina



Basílica de Santa María A Grande



Museo de Pontevedra




Alameda, Monumento ós  
heroes de Ponte Sampaio



Praza da Leña

Saímos cara Caldas de Reis e chegamos a Alba, na parroquia de Touceda, onde encontramos Mosteiro de Santa María de Alba, de estilo románico. No concello de Barro, de camiño a Caldas, descubrimos o Río Barosa, cunha cascada case monumental, e unha ringleira de muíños que aproveitan a forza da auga para moveren as súas moas. A localidade de Tibo, co seu conxunto etnográfico, danos paso a Caldas de Reis, a antiga Aquis Celenis dos romanos, vila de augas termais bañada polos ríos Umia e Bermaña.



Cascada no Río Barosa




Igrexa de San Cristovo

## CALDAS DE REIS - PADRÓN

Na vila de Caldas encontraremos a igrexa de Santo Tomás de Becket (s.XIX), de estilo neomedieval, que constitúe a única igrexa en Galicia dedicada ó Santo Arcebispo de Canterbury (1118-1170). Atravesaremos a ponte Romana que pasa pola rúa Real do casco vello para continuarmos até a igrexa románica de Santa María, edificada sobre un templo anterior que foi destruído por Almanzor, segundo as crónicas árabes.

Continuamos dirección a Padrón e pasamos por Santa María de Carracedo, Valga e o monte Castelo, con muíños tradicionais. Chegamos á igrexa de San Xulián de Requeixo (S.XII), en Pontecesures, e cruzamos a ponte romana sobre o río Ulla para chegar ó municipio padronés, lugar onde o Camiño Portugués conflúe co Camiño de Mar de Arousa e río Ulla.



Igrexa Santuario da Escravitude



Ponte Romana


# PADRÓN - SANTIAGO DE COMPOSTELA

Adentrámonos na vila de Padrón, onde no 2018 se atopou o antigo porto onde a barca do Apóstolo Santiago arribaría dende Xerusalén.

Achegámonos á igrexa de Santa María a Grande, onde se garda "O Pedrón", que é unha ara romana a onde os discípulos do Apóstolo amarraron a barca que levaba o seu cadáver. Nesta vila tamén poderemos visitar a

Fonte do Carme, que conta coa figura do Apóstolo traído polos seus discípulos na barca e bautizando á raíña Lupa cando a converteu ó cristianismo. Outros puntos a coñecer en Padrón son o seu fermoso Xardín botánico e a Casa da escritora Rosalía de Castro. Seguimos o camiño e cruzamos Iria Flavia, onde visitamos a Fundación Camilo José Cela na casa dos Coengos, edificación do século XVIII, e o cemiterio de Adina, onde xace o escritor.

A continuación pasamos pola Escravidude, onde podemos visitar o seu famoso Santuario, até chegar a Rúa de Francos, onde atopamos o cruceiro gótico máis antigo de Galicia. Nas súas proximidades atópase o Castro Lupario, venciado ás lendas da Raíña Lupa e ós inicios da historia Xacobeá. Entrando no termo municipal de **Compostela** pasamos polo barrio da Rocha, que conta coas ruínas do Castelo da Rocha Forte, ocupado do século XII ó XV, e destruído polos Irmandiños no 1466. Seguimos camiñando até a Rúa do Franco, nome que provén de época medieval, para desembocarmos na monumental Praza do Obradoiro, e así chegarmos á fin do Camiño.



Fonte do Carme



Chegada a Santiago

# VARIANTE BRAGA

1. Porto - Valongo - Covelas (Trofa)
2. Covelas (Trofa) - São Tiago de Antas (Vila Nova de Famalicão)
3. São Tiago de Antas (Vila Nova de Famalicão) - Braga
4. Braga - Lugar de Pereiro, Goães (Vila Verde)
5. Lugar de Pereiro, Goães (Vila Verde) - Ponte de Lima

Durante este camiño pasaremos por diversos trazados, sendo o primeiro deles moi antigo, transitando por varios traxectos das antigas vías romanas que ían cara Bracara Augusta (Braga), e nos que aínda podemos distinguir vestixios daquelas vías, así como diversos elementos patrimoniais en devoción a Santiago.




# PORTO - VALONGO - COVELAS (TROFA)

Nesta variante, depois de atravessar o **Porto**, em lugar de sair de Maia cara a Vila do Conde, dirigímonos a Trofa, cujas orixes se remontan á época prehistórica, como o testemuñan os gravados do Monte de S. Gens ou as mámoas de S. Pantaleão e Alvarelhos. Cruzamos a Ponte de Prado, Monumento Nacional, datada de 1616, pasamos pola Igrexa Matriz de Prado, do século XVIII e seguimos por varias localidades até chegarmos a Goães.



Capela de Nossa Senhora das Dores

Antes de dirixímonos a Trofa, paga a pena coñecer **Valongo**. Nesta altura podemos seguir o camiño por varios percorridos, dependendo de onde cheguemos. Pasar por Ermesinde, Vila de Sobrado, Vila de Campo ou Alfena é a oportunidade perfecta para coñecer os motivos para estar orgullosos dos símbolos de Valongo. Podemos atravesar as serras de Santa Justa e Pias «Parque das Serras do Porto», cuxa xeodiversidade e biodiversidade conseguiron o recoñecemento de Área de Paisaxe Protexida, e onde podemos coñecer a aldea histórica de Couce, pequeno poboado rural de orixes ancestrais, recentemente clasificada como «Aldeia de Portugal». Podemos tamén coñecer o patrimonio relixioso e outros elementos patrimoniais, verdadeiras testemuñas doutros tempos. A lousa, extraída do subsolo de Campo, o xogueito tradicional de Alfena e Ermesinde, os doces coñecidos como a regueifa e o biscoito de Valongo, son outras das súas insignias, así como os elementos culturais das figuras do Bugio e o Mourisqueiro, que celebran a súa festa, Bugiada e Mouriscada, cada 24 de xuño en Sobrado.




*Paisaxe da cidade de Valongo*




Igreja Matriz da Vila de Sobrado



Acueducto dos Arcos



Aldea de Couce



Santuário de N. Sra. do Bom Despacho da Mão Poderosa e da Santa Rita



Ponte de S. Lázaro

# COVELAS (TROFA)- SÃO TIAGO DE ANTAS (VILA NOVA DE FAMALICÃO)


Retomando o camiño, dirixímonos a *Vila Nova de Famalicão*, cidade que conta con magníficas zonas verdes, onde destaca o Parque da Devesa, con 23 hectáreas de espazo verde, cruzados por un río, un regato, un lago e diversos equipamentos culturais. Antes de chegar a São Tiago de Antas, onde pasaremos polo Mosteiro de Santiago de Antas, o camiño atravesa o río Ave pola Ponte da Lagoncinha, clasificada como monumento nacional. Outros exemplos do rico patrimonio deste lugar son os Mosteiros de Landim e Arnoso, que merecen unha visita.



Igrexa Matriz de Covelas

# SÃO TIAGO DE ANTAS (VILA NOVA DE FAMALICÃO) - BRAGA

A partir de aquí continuamos cara Braga, fundada polos romanos hai máis de dous mil anos, que chegou a ser capital do Reino de Galicia, e por onde transcorren tamén os camiños de Torres e da Geira e dos Arrieiros. No centro histórico pasamos polo Arco da Porta Nova para chegarmos á Catedral e despois desta seguindo para o Largo de Santiago encontramos a Fonte de Santiago, a Torre de Santiago, recordo da muralla medieval, e o Seminario de Santiago. Máis adiante atopamos a Igrexa do Hospital de São Marcos un dos lugares de hospedaxe máis importantes no camiño portugués e xa fóra da cidade merece a visita a Capela de São Frutuoso de Montélios e o Mosteiro de Tibães, un convento-albergue beneditino que ofrecía asistencia ós peregrinos.



Parque da Devesa




Mosteiro de Santiago de Antas



Ponte da Lagoncinha



Mosteiro de Landim



*Santa Eulalia de Amoso*




*Convento das Freiras*

# BRAGA - LUGAR DE PEREIRO, GOÃES (VILA VERDE)

Deixamos Braga e continuamos cara Vila Verde, vila cun rico patrimonio, con vestixios prehistóricos e castrexos como o Castro Barbudo ou a Citania de S. Julião de Caldelas, onde camiñamos desde a Ponte de Prado, pasando por a Lage, Moure, Carreiras S. Miguel, Portela das Cabras e Goães.



Capela de Nossa Senhora da Torre e Porta de S. Tiago



Arco da Porta Nova

Capela S. Frutuoso

## LUGAR DE PEREIRO- GOÃES (VILA VERDE) - PONTE DE LIMA

Despois de deixarmos Vila Verde seguimos en dirección a  
Ponte de Lima, onde retomamos o trazado do Camiño Central



Ponte Pedrinha (Goães)



Ponte Romana

# CAMIÑO DE TORRES

1. Lamego - Mesão Frio
2. Mesão Frio - Amarante
3. Amarante - Guimarães
4. Guimarães - Braga

Este camiño debe o seu nome ó célebre peregrino salmantino Diego de Torres Villarreal, catedrático na Universidade de Salamanca, que percorreu este itinerario en 1737. O camiño parte de Salamanca, entra na rexión Norte de Portugal polo concello de Sernancelhe, pasa por Moimenta da Beira e Tarouca, antes de chegar a Lamego.




# LAMEGO - MESÃO FRIO

De Lamego dirixímonos rumbo a **Peso da Régua**, pasando pola igrexa románica de Santa Maria de Almacave, continuando entre as quintas e viñas características desta zona. Compartimos o camiño cos transeúntes do Camiño Interior, e seguimos até Mesão Frio, entrando polo Largo do Cruzeiro.


# MESÃO FRIO - AMARANTE

En Mesão Frio comezamos o camiño subindo para a Portela e Graça até o seu punto máis alto a 925 metros, con vistas á Serra do Marão. Despois volvemos baixar para facer o camiño á beira do río Carneiro, nun agradable paseo pola natureza, e finalmente atravesarmos a ponte sobre o río Ovelha, en Baião, onde comezamos xa a apreciar Amarante.



Castelo de Lamego

Amarante gañou importancia e visibilidade coa chegada de S. Gonçalo, que fixou aquí a súa residencia. A Ponte sobre o río Távemea, a Igrexa e o Convento que levan o nome deste Santo, son os referentes desta cidade. A ponte, mandada reconstruír por Gonçalo de Amarante no século XIII, dos vestixios dunha antiga ponte romana, uniu as rexións de Trás-os-Montes e do Porto, contribuíndo tamén para o paso de peregrinos a Santiago.



Ponte São Gonçalo

# AMARANTE - GUIMARÃES

Continuamos o camiño atravesando a cidade histórica de Amarante e ascendendo ó Monte Prolonga. Antes de chegar a Guimarães, pasamos por Felgueiras, onde podemos visitar o mosteiro de Santa Maria de Pombeiro, fundado en 1102.

En **Guimarães**, cidade coñecida como o berce da nacionalidade portuguesa, cuxo Centro Histórico foi clasificado como Patrimonio Mundial da Humanidade en 2001 pola Unesco, podemos visitar o Castelo e o Paço dos Duques de Bragança. Ó pasarmos polo seu centro histórico, atravesamos o Largo da Oliveira, onde encontramos a Igrexa de Nossa Senhora da Oliveira e, en fronte, o monumento nacional de Padrão do Salado.

# GUIMARÃES - BRAGA


O camiño segue pola Praza de São Tiago, e antes de deixarmos **Guimarães** atravesamos as Caldas das Taipas, onde se atopan os Baños Velhos, de orixe romana, e a Ara de Traxano, cunha mención honorífica datada de 103 D.C. en honra do emperador romano Traxano Augusto. De feito, nesta etapa atopamos moitas evidencias da presenza do Imperio Romano, sendo unha delas a Vía Romana que unía **Guimarães** e **Braga**, clasificada en 1910 como Monumento Nacional. Finalmente chegamos a **Braga**, onde podemos aproveitar para visitar o Santuario do Bom Jesus do Monte, composto por un conxunto arquitectónico-paisaxístico integrado por unha igrexa, unha escalinata onde se desenvolve a Vía Sacra do Bom Jesus, unha área de bosque e un funicular, recentemente nomeado Monumento Nacional e declarado Patrimonio Mundial da Humanidade pola UNESCO. Aquí o camiño únese ó itinerario do Central procedente de **Vila Nova de Famalicão**, para proseguir por Vila Verde e Ponte de Lima até **Santiago de Compostela**.



Rúa de Santa Maria. Centro histórico



Igrexa da Nossa Senhora da Oliveira



Castelo e Pazo dos Duques de Bragança. Guimarães



*Praça de S. Tiago*



*Banhos Velhos - Caldas das Taipas*



*Santuario Bom Jesus de Braga*

# CAMIÑO PORTUGUÉS DA COSTA


1. Porto - Matosinhos - Maia
2. Maia - Póvoa de Varzim
3. Póvoa de Varzim - Esposende
4. Esposende - Viana do Castelo
5. Viana do Castelo - Caminha
6. Caminha - Vila Nova de Cerveira
7. Vila Nova de Cerveira - A Guarda
8. A Guarda - Santa María de Oia
9. Santa María de Oia - Baiona
10. Baiona - Vigo
11. Vigo - Redondela

O Camiño Portugués da Costa era, segundo algúns historiadores, un dos eixos máis importantes para chegar á tumba do apóstolo en Santiago de Compostela, mais foi na época moderna, a partir do século XV, cando adquiriu especial relevancia, ó ser empregado polos habitantes das poboacións costeiras e polas persoas que desembarcaban nos portos marítimos. A ruta parte do Porto e percorre varios municipios pola beira do mar até a fronteira con Galicia.




# PORTO - MATOSINHOS - MAIA

O camiño da costa ten o seu punto de partida na cidade do **Porto**, onde comparte en gran parte o trazado do camiño central. Preto da Catedral, encóntrase a Capela da Señora das Verdades, lugar de acollida dos peregrinos. Aquí pódense selar as credenciais. Chegando ó Campo dos Mártires da Patria, podemos visitar o Centro Portugués de Fotografía, instalado no edificio da antiga Cadeia da Relación do Porto. Xa na Praza do Exército Liberador, encontramos o cruceiro do Senhor do Padrão, edificado en 1738, que marca a relixiosidade dos camiños desta época. Chegando ó cruceiro do Padrão da Légea en **Matosinhos**, o camiño comeza a separarse do trazado central. Dirixímonos cara o Largo do Souto, referenciado en 1258 como "ad cruce[m] Sancti iacobii Costoyas". Moi preto encontramos a Igrexa Parroquial de Santiago de Custóias e despois de atravesarmos o río Leça sobre a ponte medieval de D. Goimil, avanzamos cara ó límite do concello, até o Marco do Couto de Leça. Entramos en **Maia** por Moreira da Maia e seguimos polos arredores do aeroporto Francisco Sá Carneiro, do cal nos podemos desviar brevemente até á Igrexa Conventual de S. Salvador de Moreira da Maia, fundada no século XI.





*Igreja do Bom Jesus de Matosinhos*




*Zimbório do Senhor do Padrão*



*Monumento "Tragédia no mar"*

# MAIA - PÓVOA DE VARZIM

Retomado o camiño, pasamos xunto á Capela de Nosa Señora da Nai dos Homes e, xa case saíndo de Maia, xunto á Igrexa de Santa Maria de Vila Nova da Tella. Chegando a **Vila do Conde** o camiño despois de pasar pola Igrexa de Santiago de Labruge vaise aproximando á costa cruzando a Reserva Ornitolóxica de Mindelo. Antes de cruzar o río Ave pola ponte de finais do século XVIII aínda pasa polo lugar da Granja próximo á Igrexa do antigo Convento dos Capuchos e de Santa Maria de Azurara. O camiño continúa por **Póvoa de Varzim**, á beira do mar, pasando pola Fortaleza da Nossa Senhora da Conceição, construída entre 1701 e 1740. Alí preto podemos visitar o Pelourinho, os Paços do Concelho, o Museo e a Igrexa Matriz de Póvoa de Varzim.




Aeroporto Francisco Sá Carneiro



Capela de Nossa Senhora Mãe dos Homens



Igreja Santa Maria de Vila Nova de Telha



Igreja de Santiago de Labruge



Zoo da Maia

# PÓVOA DE VARZIM - ESPOSENDE


Antes de dirixímonos ó límite do concello, paga a pena visitar a Cidade de Terroso, que debido á súa proximidade ó mar foi un importante poboado da cultura castrexa do noroeste da Península Ibérica. En **Esposende**, o camiño pasa por Apúlia, vila de Fão, o Santuario do Bom Jesus e atravesa o río Cávado sobre a Ponte de D. Luis Filipe.



*Paseo da Praia de Santo André*




*Camión pola Costa - Muíño Luísa da Costa*



*Praia de Póvoa de Varzim*

# ESPOSENDE - VIANA DO CASTELO

Continuamos por Portela, onde se encontra a Capela de São Cristóvão, datado do século XV, pasamos pola Casa de Belinho, xunto á que se encontra a capela de Nossa Senhora do Rosário e, máis adiante, a capela de Nossa Senhora dos Remédios do século XVIII. Despois da travesía do río Neiva, sobre a Ponte do Sebastião chegamos á cidade de **Viana do Castelo**, a cidade do Atlántico máis ó norte de Portugal, rodeada por río, montaña e mar. Pasamos por varias localidades, como Castelo do Neiva, onde podemos visitar a Igrexa de Santiago, a máis antiga dedicada ao Apóstolo fóra do territorio español.



# VIANA DO CASTELO - CAMINHA

Máis adiante atopamos tamén o Mosteiro de San Romão do Neiva, ou Anha, así como a Igrexa parroquial de Santiago de Anha, antes de atravesar a Ponte Eiffel en dirección ó centro. Alí podemos visitar a Sé de Viana e o Hospital Velho, entre outros, onde se encontra instalado o centro interpretativo do Camiño Portugués da Costa, entre outros. E antes de partir de Viana do Castelo podemos visitar en Cabanas o seu mosteiro beneditino, o Convento de S. João de Cabanas.



Praza da República




Convento de S. João de Cabanas



*Igreja de Santiago de Castelo do Neiva*



*Mosteiro S. Romão do Neiva*



Igreja paroquial S. Tiago de Anha



Sé de Viana do Castelo

# CAMINHA - VILA NOVA DE CERVEIRA

Entramos en **Caminha** pola freguesia de Âncora, entre camiños forestais, pasando pola Ponte da Torre. En Vila Praia de Âncora, encóntrase a Anta ou Dólmen da Barrosa, e chegando á Praza da República, a Capela de N. Sra. da Bonança. Xunto ó mar encóntrase a Forte da Lagarteira e no centro histórico a Torre do Relógio e a Igrexa da Misericórdia. Pola rúa Direita o trazado adéntrase no núcleo do casco antigo, onde podemos visitar a súa igrexa matriz.



Chafariz do Terreiro



Castelo de Vila Nova de Cerveira


# VILA NOVA DE CERVEIRA - A GUARDA

En Vila Nova de Cerveira o camiño pasa polo centro histórico onde se encontran o Castelo e as Fortalezas, ambas patrimonio histórico, e que constitúen o seu maior símbolo de identidade. No interior do castelo atópase o primeiro hospital da vila, onde os peregrinos se dirixían en busca de asistencia. Actualmente, os seu paso para España pode facerse usando a Ponte da Amizade, ó lado do Forte de Lovelhe, ou seguir rumbo a Valença, por camiños planos, rodeando campos agrícolas e a curta distancia das augas do Miño.

## A GUARDA - OIA

Camiñando pola beira do Miño, chegamos ó seu esteiro, que forma a desembocadura no océano Atlántico.

A fermosa panorámica complétase coa incesante mirada dende ó alto do monte Santa Trega, fogar dos celtas e lugar onde se conserva un dos castros máis importantes de Galicia. A etapa remata na localidade de Oia, onde o seu Mosteiro de Santa María (s. XII) foi declarado en 1931 Ben de Interese Cultural. Consta dunha arquitectura austera, sobria, propia das construcións e da norma da Orde do Císter. O claustro, sala capitular, sancristía e coro alto datan do s. XVI.



Mosteiro de Santa María

# OIA - BAIONA

Saíndo de Oia cara Baiona atopámonos na parroquia de Mougás unha paraxe natural agochada entre as montañas da Serra da Grova: as pozas de Mougás, piscinas naturais rodeadas de fervezas. Aquí atópanse os petróglifos máis antigos de Galicia. De camiño a Baiona pasamos ó carón do Cabo Silleiro e o seu faro que data de 1924, o cal substituíu a unha edificación anterior do século XIX situada ó nivel do mar.

Chegamos a Baiona, entrando polo seu casco histórico que conta con arquitectura medieval, renacentista e barroca. No alto do Monte de San Roque podemos observar a Virxe da Rocha, tallada en pedra por Antonio Palacios, cunhas fermosas vistas ao mar. Achegámonos ó litoral e encontramos a xoia da vila, o seu fantástico Parador localizado na península de Monterreal, mirando cara á Ría de Vigo. Se avanzamos polo paseo marítimo, á altura do porto, atopamos unha réplica da Carabela Pinta, que conmemora a súa chegada ó porto de Baiona despois da primeira expedición ás Américas levada a cabo por Cristovo Colón.




Pozas de Mougás



Castelo de Monterreal

## BAIONA - VIGO

Saíndo do núcleo urbano de Baiona, collemos ruta cara Vigo. Chegamos á Fonte do Pombal e cruzamos a Ponte medieval da Ramallosa, por onde pasaba a Vía XX romana per loca maritima. Seguimos camiñando cara Panxón, e pasamos polo Templo Votivo do Mar, obra do arquitecto Antonio Palacios, e o Arco visigótico de Panxón. Xa en Vigo, encontramos a Igrexa románica de San Salvador de Coruxo seguida de fermosas praias.



Templo Votivo do Mar de Panxón

Continuamos á beira do Lagares ata chegar ó Pazo de Castelros (s. XVII), actual museo que alberga arqueoloxía e pintura galega. De camiño ó centro, descubrimos no Paseo de Alfonso XII, coa ría ós seus pés, a oliveira centenaria, símbolo da cidade. Vigo constitúe ademais a maior cidade galega, sendo posible ler a súa historia a través da arquitectura: conta con xacementos castrexos no Parque do Castro, antigas salinas romanas no Centro Arqueolóxico do Areal e a Vila romana de Toralla, construcións mariñeiras no casco vello, vestixios medievais defensivos na muralla e no Castelo de San Sebastián, edificios do século XIX no seu ensanche como a neogótica Igrexa de Santiago, ou obras do século XX como o edificio modernista Simeón ou a figura do Sireno. Alén diso, unha das súas maiores atraccións turísticas son as fermosas Illas Cíes, que forman parte do Parque Nacional Marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

# VIGO - REDONDELA

Deixando **Vigo** atrás, contemplamos a ermida de Nosa Señora da Guía, santuario edificado nunha área privilexiada cunhas fermosas vistas. Seguimos camiñando polas parroquias de Parada, Igrexa, e na altura de Trasmañó podemos subir até «O mellor banco do mundo», parar e desfrutar das fermosas vistas da ría en conxunto, as Illas Cíes, a Ponte de Rande, Moaña, Cangas, A Illa de San Simón, Santa Cristina e San Adrián de Cobres... Podemos tamén visitar o Museo Meirande, Centro de Interpretación da Batalla de Rande, que tivo lugar en 1702 entre tropas anglo-holandesas contra hispano-francesas. Continuamos até Redondela, punto no que enlazamos co Camiño Portugués Central até chegar a **Santiago de Compostela**.





Illas Cies



Illas Cies



Porta do sol



Capela da Guia



Teatro Afundación

# MAR DE AROUSA E RÍO ULLA

Variante NORTE:

1. Aguiño (Ribeira) – Boiro
2. Boiro – Rianxo
3. Rianxo – Padrón

Variante SUR:

1. Sanxenxo – Cambados
2. Cambados – Vilagarcía de Arousa
3. Vilagarcía de Arousa – Catoira
4. Catoira – Padrón

Este camiño conmemora a ruta de entrada a Galicia que o sarcófago de pedra do Apóstolo Santiago realizou até chegar a Compostela dende Xerusalén alá polo ano 44 da nosa era. Este percorrido é coñecido como Traslatio, e xa o Códice Calixtino, no seu Libro III, narra a devandita viaxe.

Na actualidade este camiño pódese realizar a través dunha travesía marítima, parando nos diversos portos da Ría de Arousa, ou por terra, visitando as diferentes localidades da zona a través de dúas rutas: a variante norte, que parte dende a localidade coruñesa de Ribeira, e a variante sur, que comeza na vila pontevedresa de Sanxenxo e pasa pola cidade de Vilagarcía de Arousa. Ambas as dúas seguen o litoral dirixíndose ó río Ulla para unirse e continuar até Santiago de Compostela seguindo o trazado do camiño Portugués.



## VARIANTE NORTE

# RIBEIRA - BOIRO

Comezamos o noso camiño en Aguiño, na parte oeste do concello de Ribeira, preto dos vestixios dun porto fenicio localizado no peirao da Covasa. Se ollamos ó lonxe veremos a Illa de Sálvora que forma parte do Parque Nacional Marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, co seu faro datado de 1921. Antes de dirixímonos cara á vila de Ribeira adentrámonos no Parque Natural das Dunas de Corubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, no cal destaca o complexo natural formado por unha duna móbil, as lagoas e as súas praias, ademais do seu faro (1854). Así mesmo, o lugar de Oleiros conta co Dolmen de Axeitos, monumento megalítico que data do III milenio a.C. Dirixímonos cara ó centro, onde atopamos o maior porto de baixura de Galicia. Nas inmediacións da Avenida do Malecón ten lugar no verán a coñecida Festa da Dorna, declarada de Interese Turístico de Galicia. Continuamos cara á Pobra do Caramiñal onde nos dá a benvida a Torre de Xunqueiras (s. XIII - XVIII) . Adentrándonos na vila, pasando pola Torre Bermúdez podemos visitar o Museo Valle-Inclán antes de continuar o noso camiño cara a Boiro.




Faro de Sálvora




Sálvora - Serea




*Pazo de Sálvora*



*Parque Natural Gran Duna*



Faro de Corrubedo



Dolmen de Axeitos (Oleiros)




Praia do Vilar

## BOIRO - RIANXO

En Boiro, destacan importantes xacementos prehistóricos así como xacementos prerromanos como o Castro de Neixón. Antes de saír da vila cara Rianxo podemos desfrutar tamén das súas múltiples praias. Rianxo viu nacer ós ilustres galegos Castelao, Manuel Antonio e Rafael Dieste. Non podemos marchar sen

visitar o santuario de estilo gótico da Virxe de Guadalupe, patroa do municipio, o Pazo de Martelo (s. XVII-XVIII) e o Cruceiro Barroco e igrexa de Santa Comba, así como o Hórreo de Araño, o máis longo de toda Galicia.



Castro de Neixón



Hórreo de Araño

## RIANXO - PADRÓN

Continuando pola desembocadura do río, odemos avistar ó outro lado a vila de Catoira e, a continuación, as súas marismas. Neste punto, podemos cruzar a ponte que conecta ambos municipios para continuar o trazado da variante sur, seguindo as Torres do Oeste, ou podemos seguir na mesma beira do río, até chegar a Dodro. Xa en Dodro, flanqueado polos ríos Ulla e Sar, cómpre visitar o Pazo de Lestrove (s. XVI-XVIII) e a igrexa parroquial de Santa María do s. XVIII, obra de Simón Rodríguez, máximo expoñente en Galicia do Barroco de placas. Logo, o Pazo de Hermida, mencionado nas Cantigas de Santa María e residencia dos ilustres Rosalía de Castro e Manuel Murguía. Seguimos o camiño até a nosa seguinte parada, Padrón, onde enlazamos co trazado do Camiño Portugués que nos leva até


[Compostela](#).

# SANXENXO - CAMBADOS

Comezamos a camiñar pola vila de Sanxenxo, as súas praias de Silgar e A Lanzada son dignas de admiración. Esta última, pertencente ós concellos do Grove e Sanxenxo, contén unha necrópole romana e os restos do Castelo da Lanzada (s. XII-XIII), coa súa torre e capela. Xa en territorio grovense, no Monte Miradella achegámonos ó punto máis alto da península do Grove, co seu Centro de Interpretación da Natureza. Na praia do Carreiro topamos as escavacións do Adro Vello, onde se achou unha moeda do s. XII coa imaxe da Traslatio, custodiada polo Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela. En Meaño, os Pazos de Zárate e Lis e a Ruta dos Muíños esperan ó viaxante, así como a igrexa románica de Simes e o seu hórreo característico pola súa forma en L. Camiñamos cara Meis, adentrándonos na natureza, onde destaca dende o punto de vista paisaxístico e etnográfico a Ruta dos Muíños e da Auga á beira do río Armenteira, que chega até o mosteiro do mesmo nome, de orixe cisterciense do século XII e que constitúe un dos máis importantes de Galicia. Antes de chegarmos a Cambados cómpre atravesar o concello de Ribadumia, localizado no centro do val do Salnés e bañado polo río Umia. Aquí destacan pazos señoriais como o de Barrantes, que dá nome tamén ó viño autóctono do municipio coñecido como Tinto de Barrantes.



Restos do Castelo da Lanzada



Pazo de Bazán

## CAMBADOS - VILAGARCÍA DE AROUSA

Chegámos a Cambados, terra de viños e capital do albariño, que tamén corresponde coa Patria do poeta Ramón Cabanillas e dos escultores Francisco Asorey e Francisco Leiro. Ademais, o seu centro histórico é Ben de Interese Cultural e conta con numerosos pazos como os de Bazán (Parador Nacional de Turismo na actualidade), Ulloa e Montesacro, entre outros.


Saímos cara a Illa de Arousa, no medio do Mar de Arousa. Podemos visitar o Parque Natural de Carreirón, cun hábitat protexido de aves migratorias e autóctonas importante, como a garza real, así como as súas numerosas praias. Cruzando de novo a ponte cara a península chegamos a Vilanova de Arousa, berce dos irmáns Camba e de Valle-Inclán, onde podemos visitar a casa museo do escritor. O municipio esténdese polo borde marítimo da ría, coñecido como o «Mar de Arousa», e conta con numerosas praias que conectan coa nosa seguinte parada,

Vilagarcía de Arousa.

# VILAGARCÍA DE AROUSA - CATOIRA

Chegamos a nobre vila de **Vilagarcía**. Pasamos pola Igrexa románica de San Martiño de Sobrán (s. XII), en Vilaxoán, acaroadada ó Pazo do Lagar (s. XVI) e continuamos andando até chegar ó centro da cidade, fundado no século XV entre os montes Xiabre e Lobeira. Nesta cidade érguese o célebre Pazo de Vista Alegre, do s. XVI, e o seu convento, declarados Monumento Histórico-Artístico Nacional.

Seguindo a súa zona portuaria chegamos até o paseo marítimo que acompaña as praias da Concha e Compostela e que une o centro con Carril, famosa polas ameixas que levan o seu nome. En fronte desta vila mariñeira podemos avistar a illa de Cortegada, que pertence ó Parque Nacional Marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e conta cun bosque de loureiros máis importantes de Europa. Continuando o litoral, deixamos atrás a ría de Arousa e entramos no esteiro do río Ulla.



*Danza das espadas ( Carril )*



Peirao de Pasaxeiros



Panorámica de Xiabre



Pazo de Vistalegre

# CATOIRA - PADRÓN

Comezamos a seguinte etapa nas Torres do Oeste de Catoira, ó carón da ponte do río Ulla que conecta coa provincia da Coruña e co municipio de Rianxo. No pasado, esta área foi vítima constante de ataques normandos, polo que cada primeiro domingo de agosto na Romaría Vikinga recordan o importante papel de Catoira na defensa de Galicia ante estas incursións. As actuais Torres, tamén chamadas Castellum Honesti, datan do s. X se ben que en orixe eran romanas, e eran un enclave fundamental para a defensa das terras da Arquidiocese de Santiago.

Chegamos ó Concello de Valga, onde podemos achegarnos até a igrexa románica de Santa María de Xanza, que o propio Arcebispo Xelmírez mandou construír, ou o petróglifo de Camporredondo, tamén chamado Pedra da Serpe.

Dende Pontecesures a ruta pode enlazar co Camiño Central que vai cara Padrón.



Torres do Oeste

# CAMIÑO FISTERRA - MUXÍA

1. Santiago de Compostela - Negreira.

2. Negreira - Olveiroa.

3. Olveiroa- Corcubión.

4. Corcubión - Fisterra

5. Fisterra - Lires

6. Lires - Santuario Virxe da Barca

A vía de Fisterra e Muxía é a prolongación Xacobeá até a Finisterrae romana, ou a fin do mundo, que situaban os medievais no Santuario da Virxe da barca e no Cabo Fisterra. Ten certificación propia, é dicir, despois de acadar a «Compostelana» o camiñante pode prolongar a súa viaxe até o lugar onde o Apóstolo Santiago destrúe o Ara Solis —altar do sol construído polos fenicios— na súa peregrinación pola Península Ibérica.



# SANTIAGO DE COMPOSTELA - NEGREIRA

Sáimos dende  
a Praza do Obradoiro  
cara a Rúa das Hortas, célebre rúa  
que viu nacer ó intelectual  
galeguista Isaac Díaz Pardo.  
Á esquerda encontramos a igrexa  
de San Froitoso, de estilo barroco  
do século XVIII.




Casco Histórico



Rúa do Villar

Seguimos saíndo da cidade  
santa pola Rúa do Cruceiro  
do Gaio e Poza de Bar,  
até chegarmos á  
Carballeira de San Lourenzo.  
Fermosa e ancestral,  
Rosalía de Castro dedicárialle  
unhas verbas en *Follas Novas* (1880).  
Pasamos polas parroquias  
compostelás de Figueiras, Vilvestro  
e Roxos até chegar ó Alto do Vento  
no concello de Ames.  
Seguimos por Augaspesadas,  
Alto do Mar de Duellas, Carballo  
e Trasmonte, Reino e Burgueiros  
e na Ponte Maceira cruzamos  
o río Tambre.  
Aquí comeza a Comarca  
de Barcala.  
Seguimos até Negreira onde  
esperan á nosa vista ós pazos  
de Chancela, O Capitán  
e de Baladrón, así como  
a Capela de San Amaro,  
o Pazo de Cotón e a Capela do  
Carne e San Brais.



Carballeira de San Lourenzo



Igrexa de San Froitoso



Catedral do Apóstolo Santiago



*Praza da Quintana*



*Praza da Inmaculada*

## NEGREIRA - OLVEIROA



Hórreo, Negreira

O camiño continúa cara Zas até chegar a Mazaricos, na comarca do Xallas. Hórreos e arquitectura románica cruza o noso camiñar.

O Hórreo de Maroñas e a Igrexa de Santa Mariña son claros exemplos da etnografía galega da zona. De aquí subimos a Monte Aro (556m), Campo Valado, Porteliñas e As Abeleiroas, alcanzando o Miradoiro de Corzón.

Imos a Mollón e chegamos á Ponte do río Xallas que divide os concellos de Mazaricos e Dumbria. Chegamos así á Ponte Olveira e finalmente a Olveiroa.

## OLVEIROA - CORCUBIÓN

Dirección O Logoso comezamos a ruta. Pasamos por Hospital e, antes de chegar a Cee, pasamos polas hermidas de A Nosa Señora das neves (S.XVIII) e a Capela de San Pedro Mártir, para descender ata Cee. Aquí O Pazo do Cotón (s.XVIII) alberga a Fundación Fernando Blanco. Seguimos camiñando ata chegar a Corcubión, coa súa capela de estilo gótico mariñeiro de San Marcos (s. XV-XIV).



Capela de San Marcos

## CORCUBIÓN - FISTERRA


Da vila de Corcubión imos até Sardiñeiro e A Langosteira, rodeamos a fermosa Cala do Talón e alcanzamos a longa praia de Langosteira. Entrando así na vila de Fisterra, ascenderemos cara ao Faro, e pasaremos pola igrexa de Santa María das Areas (Santo Cristo de Fisterra). Chegarmos ó Faro onde un impresionante Océano Atlántico mostra todo o seu esplendor.



Faro de Fisterra

## FISTERRA - LIRES

Saímos de Fisterra até chegar á Parroquia de San Martiño de Duio, capela que se remonta á cidade romana Dugium, hoxe desaparecida pero que sabemos da súa existencia grazas ó Códice Calixtino, que fala dela no Libro III. Imos cara Castrexe, paseamos pola praia do Rostro e arribamos na Ría de Lires, cuxa riqueza ornitolóxica e arquitectura popular nos acompaña até alcanzar Lires.



Ría de Lires

# LIRES - SANTUARIO DA VIRXE DA BARCA (MUXÍA)


O noso camiño non cesa até chegar ó Santuario da Virxe da Barca, en Muxía, onde as pedras que se sitúan nas proximidades do templo están cheas de lendas e mitos. Conta a fábula que a Virxe chegou até aquí nunha barca, para alentar ó Apóstolo Santiago despois do fracaso da súa evanxelización das xentes da vila de Duio. A comarca, así, quedou somexida baixo as augas mariñas, e os seus habitantes desapareceron pola desobediencia das predicacións de Santiago e seguir rendendo culto ó Sol. O Apóstolo chegou aquí, onde hoxe se sitúa a capela, e rezou para que as xentes retirasen toda aversión das súas predicacións. Unha da máis famosas destas pedras é a de Abalar, e dise que esta era a barca onde a Virxe arribou na costa. Outras pedras famosas son: A dos Cadís, pedra sanadora de doenzas, e a do Timón, que debe o nome pola semellanza a este obxecto.



*Santuario da Virxe da Barca*







AQUI  
NASCEU  
PORTUGAL